

IV

Vida oficial da RAG

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE

CRÓNICA DA ACADEMIA (2022)

NECROLÓXICAS:

ARCADIO LÓPEZ CASANOVA / Xesús Alonso Montero

BASILIO LOSADA, DE VIVA VOZ / Helena González Fernández

NÉLIDA PIÑON / Ramón Villares

A ACADEMIA NA ACTUALIDADE (ANO 2022)

A Comisión Executiva da Real Academia Galega actúa por delegación do Pleno e encárgase de exercer o goberno da institución. Dende o 24 de abril de 2021 está constituída polos seguintes membros:

- Presidente: D. Víctor Fernández Freixanes
- Secretaria: D.^a Margarita Ledo Andión
- Vicesecretario: D. Henrique Monteagudo
- Arquivoira-Bibliotecaria: D.^a Marilar Aleixandre
- Tesoureira: D.^a Fina Casalderrey

Relación dos actuais membros numerarios:

1. Excmo. Sr. D. Andrés Torres Queiruga. Ingreso: 20 de xuño de 1980.
2. Excmo. Sr. D. Manuel González González. Ingreso: 7 de febreiro de 1992.
3. Excmo. Sr. D. Salvador García-Bodaño Zunzunegui.
Ingreso: 25 de novembro de 1992. *Faleceu o 7 de marzo de 2023.*
4. Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero. Ingreso: 30 de outubro de 1993.
5. Excmo. Sr. D. Xesús Ferro Ruibal. Ingreso: 4 de maio de 1996.
6. Excmo. Sr. D. Antón Santamarina Fernández.
Ingreso: 24 de outubro de 1998.
7. Excmo. Sr. D. Ramón Lorenzo Vázquez. Ingreso: 7 de maio de 1999.
8. Excmo. Sr. D. Francisco Fernández Rei. Ingreso: 25 de setembro de 1999.
9. Excmo. Sr. D. Francisco Díaz-Fierros Viqueira.
Ingreso: 28 de setembro de 2002.
10. Excma. Sra. D.^a Rosario Álvarez Blanco. Ingreso: 6 de xuño de 2003.
11. Excmo. Sr. D. Víctor Fernández Freixanes. Ingreso: 27 de febreiro de 2004.
12. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Axeitos Agrelo. Ingreso: 30 de outubro de 2004.
13. Excmo. Sr. D. Euloxio Rodríguez Ruibal. Ingreso: 24 de marzo de 2006.
14. Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz. Ingreso: 24 de novembro de 2006.
15. Excma. Sra. D.^a Margarita Ledo Andión. Ingreso: 7 de febreiro de 2009.
16. Excmo. Sr. D. Manuel Rivas Barrós. Ingreso: 12 de decembro de 2009.
17. Excmo. Sr. D. Bernardino Graña Villar. Ingreso: 12 de xuño de 2010.
18. Excmo. Sr. D. Xosé Henrique Monteagudo Romero.
Ingreso: 25 de febreiro de 2012.
19. Excmo. Sr. D. Xosé Luís Regueira Fernández. Ingreso: 2 de xuño de 2012.

20. Excmo. Sr. D. Pegerto Saavedra Fernández.
Ingreso: 14 de setembro de 2013.
21. Excma. Sra. D.^a Fina Casalderrey Fraga. Ingreso: 22 de novembro de 2013.
22. Excma. Sra. D.^a Marilar Aleixandre. Ingreso: 14 de xaneiro de 2017.
23. Excma. Sra. D.^a M.^a Xesús Pato Díaz. Ingreso: 23 de setembro de 2017.
24. Excma. Sra. D.^a Ana Romaní. Ingreso: 6 de abril de 2019.
25. Excma. Sra. D.^a Ana Isabel Boullón Agrelo.
Ingreso: 11 de decembro de 2021.
26. Excmo. Sr. D. Gonzalo Navaza Blanco. Ingreso: 5 de novembro de 2022.
27. Excma. Sra. D.^a María Dolores Sánchez Palomino.
Ingreso: 17 de decembro de 2022.
28. Excma. Sra. D.^a María López Sández. Ingreso: 11 de marzo de 2023.
29. Ilmo. Sr. D. Lourenzo Fernández Prieto. Electo: 26 de marzo de 2021.

Relación dos actuais membros de honra:

1. Excmo. Sr. D. John Rutherford. Ingreso: 4 de outubro de 2008.
2. Excmo. Sr. D. Carlos Alberto Zubillaga Barrera.
Ingreso: 21 de abril de 2012.
3. Excmo. Sr. D. Arcadio López-Casanova. Ingreso: 9 de novembro de 2013.
Faleceu o 11 de abril de 2022.
4. Excma. Sra. D.^a Nélica Piñón. Ingreso: 27 de setembro de 2014.
Faleceu o 17 de decembro de 2022.
5. Excmo. Sr. D. Basilio Losada Castro. Ingreso: 3 de outubro de 2015.
Faleceu o 9 de xullo de 2022.
6. Excma. Sra. D.^a Marina Mayoral. Ingreso: 2 de decembro de 2017.
7. Excma. Sra. D.^a María Rosa Lojo. Ingreso: 28 de setembro de 2022.
8. Excma. Sra. D.^a Katheen March. Electa: 17 de decembro de 2022.

Relación dos actuais membros correspondentes por orde de ingreso:

1. Ilmo. Sr. D. José Luis Varela Iglesias. Ingreso: 26 de marzo de 1950.
2. Ilmo. Sr. D. Xosé Manuel González Reboredo.
Ingreso: 30 de xaneiro de 1972.
3. Ilmo. Sr. D. Francisco Xavier Carro Rosende.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
4. Ilmo. Sr. D. Fernando López-Acuña López.
Ingreso: 17 de novembro de 2001.
5. Ilmo. Sr. D. Ivo Castro. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
6. Ilmo. Sr. D. Dieter Kremer. Ingreso: 9 de febreiro de 2002.
7. Ilma. Sra. D.^a Teresa Barro Muñoz-Ortiz. Ingreso: 22 de xuño de 2002.

8. Ilmo. Sr. D. Xosé María Lema Suárez. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
9. Ilmo. Sr. D. Xulio Ríos. Ingreso: 22 de xuño de 2002.
10. Ilmo. Sr. D. Luís Daviña Facal. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
11. Ilmo. Sr. D. Johannes Kabatek. Ingreso: 28 de setembro de 2002.
12. Ilmo. Sr. D. Xoán Babarro González. Ingreso: 14 de decembro de 2002.
13. Ilmo. Sr. D. Xoán Bernárdez Vilar. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
14. Ilmo. Sr. D. Francisco Calo Lourido. Ingreso: 22 de febreiro de 2003.
15. Ilmo. Sr. D. Augusto Pérez Alberti. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
16. Ilmo. Sr. D. Xosé Xove Ferreiro. Ingreso: 7 de febreiro de 2004.
17. Ilmo. Sr. D. Modesto Aníbal Rodríguez Neira.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
18. Ilmo. Sr. D. Francisco Antonio Cidrás Escáneo.
Ingreso: 27 de marzo de 2004.
19. Ilmo. Sr. D. Ernesto Xosé González Seoane. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
20. Ilmo. Sr. D. Domingo Frades Gaspar. Ingreso: 27 de marzo de 2004.
Faleceu o 10 de xaneiro de 2023.
21. Ilmo. Sr. D. Felipe Lubián Lubián. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
22. Ilmo. Sr. D. Héctor Manuel Silveiro Fernández.
Ingreso: 9 de outubro de 2004.
23. Ilmo. Sr. D. Carlos Xesús Varela Aenlle. Ingreso: 9 de outubro de 2004.
24. Ilmo. Sr. D. Manuel Caamaño Suárez. Ingreso: 18 de decembro de 2004.
25. Ilmo. Sr. D. Jorge Arbeleche. Ingreso: 20 de setembro de 2005.
26. Ilmo. Sr. D. Craig Patterson. Ingreso: 13 de xaneiro de 2007.
27. Ilmo. Sr. D. Luís Manuel García Mañá. Ingreso: 28 de abril de 2007.
28. Ilmo. Sr. D. Farruco Sesto Novas. Ingreso: 15 de xaneiro de 2011.
29. Ilma. Sra. D.^a Débora Campos Vázquez. Ingreso: 25 de marzo de 2011.
30. Ilmo. Sr. D. Xosé Henrique Costas González.
Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
31. Ilmo. Sr. D. Antón Palacio Sánchez. Ingreso: 21 de xaneiro de 2012.
32. Ilmo. Sr. D. Francisco Cerviño González. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
33. Ilma. Sra. D.^a Alba Nogueira López. Ingreso: 30 de marzo de 2012.
34. Ilmo. Sr. D. Xavier Vence Deza. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
35. Ilma. Sra. D.^a Olivia Rodríguez González. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
36. Ilmo. Sr. D. Fernando Ramallo Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
37. Ilmo. Sr. D. José Manuel González Herrán. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
38. Ilma. Sra. D.^a Luz Méndez Fernández. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
39. Ilma. Sra. D.^a María Goretti Sanmartín Rei. Ingreso: 22 de xuño de 2012.
40. Ilmo. Sr. D. Xosé Antón Fraga Vázquez. Ingreso: 18 de xaneiro de 2013.
41. Ilmo. Sr. D. Clodio González Pérez. Ingreso: 5 de novembro de 2016.

42. Ilmo. Sr. D. Jorge Mira Pérez. Ingreso: 16 de decembro de 2016.
43. Ilmo. Sr. D. Carlos Xabier Rodríguez Brandeiro.
Ingreso: 16 de decembro de 2016.
44. Ilmo. Sr. D. Takekazu Asaka. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
45. Ilmo. Sr. D. Marcos Bagno. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
46. Ilma. Sra. D.^ª Olga Castro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
47. Ilma. Sra. D.^ª Helena González Fernández. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
48. Ilma. Sra. D.^ª Kirsty Hooper. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
49. Ilma. Sra. D.^ª Helena Villar Janeiro. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
50. Ilma. Sra. D.^ª Helena Zernova. Ingreso: 17 de xuño de 2017.
51. Ilma. Sra. D.^ª Carme Pazos Balado. Ingreso: 17 de marzo de 2018.
52. Ilmo. Sr. D. Afonso Vázquez Monxardín. Ingreso: 26 de outubro de 2018.
53. Ilma. Sra. D.^ª Mercedes Queixas Zas. Ingreso: 14 de decembro de 2018.
54. Ilmo. Sr. D. Xavier Senín Fernández. Ingreso: 3 de outubro de 2020.
55. Ilmo. Sr. D. Ramón Nicolás Rodríguez. Ingreso: 23 de outubro de 2021.
56. Ilma. Sra. D.^ª Celia Pereira Porto. Ingreso: 23 de outubro de 2021.
57. Ilma. Sra. D.^ª Ana Romero Masiá. Ingreso: 14 de outubro de 2022.
58. Ilmo. Sr. D. Luciano Rodríguez Gómez. Ingreso: 16 de marzo de 2023.

CRÓNICA DA ACADEMIA (ANO 2021)

XUNTAS ACADÉMICAS

O Pleno da Real Academia Galega reuniuse en Xunta ordinaria e extraordinaria, durante o ano 2021, nas seguintes datas:

Xuntas ordinarias:

- 1 de abril de 2022
- 9 de xullo de 2022
- 14 de outubro de 2022
- 17 de decembro de 2022

Xuntas extraordinarias:

- 17 de maio. Día das Letras Galegas, dedicado a Florencio Delgado Gurriarán.
- 28 de setembro. Ingreso de María Rosa Lojo como académica de honra
- 5 de novembro. Ingreso de Gonzalo Navaza como académico de número.
- 17 de decembro. Ingreso de María Dolores Sánchez Palomino como académica de número.

A Comisión Executiva da Real Academia Galega reuniuse nas seguintes datas:

- 26 de xaneiro
- 14 de febreiro
- 17 de marzo
- 9 de maio
- 21 de xuño
- 5 de setembro
- 3 e 27 de outubro
- 14 de novembro
- 2 de decembro

INGRESO DE MARÍA ROSA LOJO



María Rosa Lojo acompañada de membros da Real Academia Galega tras o acto de ingreso na Academia. Fonte: RAG

A escritora arxentina María Rosa Lojo ingresou como académica de honra na Real Academia Galega o 28 de setembro de 2022 cun discurso de título *Unha galega filla en Buenos Aires*. A doutora e investigadora da Universidade de Buenos Aires, especialista na narrativa contemporánea do seu país e o estudo da migración e o exilio, tratou a procura das raíces galegas na súa produción literaria e a pegada de Rosalía de Castro ou Álvaro Cunqueiro.

O presidente da Academia, Víctor Fernández Freixanes, encargouse de darlle resposta analizando a obra da autora e mais as relacións da cultura galega coa Arxentina.




INGRESO DE GONZALO NAVAZA



Gonzalo Navaza durante a lectura do seu discurso de ingreso.
Fonte: RAG

O filólogo Gonzalo Navaza ingresou na Real Academia Galega o 5 de novembro de 2022 cun discurso de título *Nomes de persoa na toponimia de Lalín*. O profesor da Universidade de Vigo, investigador de referencia no campo da onomástica, centrouse na pegada da antroponimia dos nomes de lugar deste concello do Deza nun evento que se desenvolveu no salón de actos do edificio da rúa Tabernas.

Gonzalo Navaza ocupa a cadeira que quedou vacante tras o pasamento de Xosé Ramón Barreiro Fernández, a quen lembrou na primeira parte do seu discurso. Antón Santamarina, encargado de darlle resposta e actual coordinador do Seminario de Onomástica da RAG, foi quen o iniciara hai máis de corenta anos no mundo da toponimia.




INGRESO DE MARÍA DOLORES SÁNCHEZ PALOMINO




María Dolores Sánchez Palomino, nova académica de número.
Fonte: RAG

A lexicógrafa María Dolores Sánchez Palomino ingresou na Real Academia Galega o 17 de decembro de 2022 cun discurso de título *Ten sentido unha lexicografía académica bilingüe? [De lexicografía e Academias]*. A catedrática da Universidade da Coruña, directora da revisión e actualización do *Dicionario bilingüe castelán-galego*, conta cunha frutífera traxectoria nos campos da lexicografía, lexicoloxía e terminoloxía.

Deulle resposta en nome da institución o coordinador do Seminario de Lexicografía, Manuel González, quen afirmou que a nova académica “vai ser un esteo fundamental no traballo lexicográfico da Academia”..



DÍA DAS LETRAS GALEGAS DE 2022



A Real Academia Galega decidiu dedicarlle a Florencio Delgado Gurriarán o Día das Letras Galegas de 2022. O Pleno da institución acordou na sesión celebrada o 2 de xullo de 2021 homenaxear a quen foi unha das voces máis destacadas do exilio galego en México, cuxo labor literario e activismo político e cultural constitúen un dos capítulos máis destacados das letras galegas da diáspora. A RAG non só celebrará o excelente poeta que foi, cultivador dun galego enxebre, característico das terras de Valdeorras. A través da súa figura tamén homenaxeará, por primeira vez, a Galicia do exilio republicano en México, país onde o propio Delgado Gurriarán e outros colegas desenvolveron iniciativas sobranceiras que mantiveron vivo o facho da nosa identidade e que constitúen un referente obrigado da nosa historia contemporánea.

Florencio Delgado Gurriarán, avogado de formación, foi poeta, articulista, pioneiro da tradución poética interlingüística, editor literario e home ponte entre a Galicia exiliada en México e a Galicia interior, capaz de tecer asemade vínculos coa intelectualidade doutras orixes. Foi tamén un extraordinario activista cultural, promotor de iniciativas como o Padroado da Cultura Galega en México (creado en 1953), a revista *Vieiros* —da que foi director xunto con Carlos Velo e Luís Soto—, a audición radiofónica *Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e de doutras publicacións de carácter político e cultural. Por iso o seu Día das Letras Galegas foi tamén unha homenaxe serodia a todo o exilio mexicano, cuantitativamente menor có arxentino pero dunha importancia igualmente capital. Del formaron parte canda o protagonista do 17 de maio figuras como o cineasta Carlos Velo, o músico Xesús Bal y Gay, o xornalista Ramón Cabanillas fillo, o arquitecto Xosé Caridad Mateo ou Elixio Rodríguez.

O autor, membro moi activo do Partido Galeguista de Valdeorras, chegou a México tras lograr escapar a través de Francia no ano 1939. Fíxoo a bordo do *Ipanema*, un dos barcos que levaron os refuxiados españois a América e no que fuxiron tamén, entre outros, Roxelio Rodríguez de Breaña, Andrés Valín, Carlos Tomé, Johán López Durá, Serafín Ferro ou o mencionado Elixio Rodríguez. Unha vez en América mantería o compromiso cívico e cultural que dende moi novo o achegara tamén ás Irmandades da Fala e ao Seminario de Estudos Galegos, do que fora socio protector.

17 DE MAIO DE 2022 SESIÓN EXTRAORDINARIA E PÚBLICA



*e nos bacelos da noite
maduran acios de estrelas*

Florencio Delgado Gurriarán
17 de maio de 2022
Día das Letras Galegas
Real Academia Galega

REAL ACADEMIA GALEGA

Día das Letras Galegas
17 de maio de 2022

O Presidente da Real Academia Galega, **Victor Fernández Freixanes**, complace en convidalo/a á sesión extraordinaria e pública que celebrará a Institución co gallo do Día das Letras Galegas dedicado a Florencio Delgado Gurriarán

Intervencións:

Excmo. Sr. D. Ramón Villares Paz
Excmo. Sra. D.ª Rosario Álvarez Blanco
Excmo. Sr. D. Xesús Alonso Montero

Pecha o acto o
Excmo. Sr. Presidente da Real Academia Galega
D. Victor Fernández Freixanes

Aira dos Bolos
12:30 horas
Córgomo | Vilamartín de Valdeorras

A sesión poderá seguirse en directo a través de academia.gal
Observaranse as medidas de prevención hixiénico-sanitarias necesarias

O plenario extraordinario do 17 de maio celebrouse en Córghomo (Vilamartín de Valdeorras), na Aira dos Bolos, onde nos anos mozos do poeta se reunían os corgomeses a xogaren aos birlos, como el mesmo inmortalizou no poema que titulou co nome da súa localidade natal.

A sesión plenaria arrincou cunha afectuosa ovación dedicada á familia de Florencio Delgado Gurriarán e coas palabras de agradecemento do presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, ás institucións e á sociedade valdeorresas que, arredor do proxecto *As Letras de Florencio*, desenvolveron “un papel especialmente activo como animadores e difusores da memoria de Delgado Gurriarán para que esta celebración fose posible”; e ao Concello de Vilamartín de Valdeorras, que exerceu de anfitrión dunha celebración chea de aplausos que continuou na aldea cunha festa en comunidade, como lle gustaría ao homenaxeado, unha persoa que todo

o mundo lembra como vital, alegre e amante da música e do baile. Pero, co autor valdeorrés, a festa deste 17 de maio viaxou tamén simbolicamente, por primeira vez, ata o México que o acolleu en 1939 como exiliado para “expresar pública gratitude aos homes e mulleres do desterro”.

As alocucións académicas sobre Delgado Gurriarán de Ramón Villares, Rosario Álvarez e Xesús Alonso Montero puxeron o acento no compromiso democrático e cultural do autor, na súa contribución á construción do galego estándar e nos seus versos “matrióticos e patrióticos”, respectivamente.

Ramón Villares falou do pensamento e a acción política que Florencio Delgado amosou en tempos de paz, na guerra civil e mais no exilio. Escolleu “tres lances singulares” da biografía de Delgado Gurriarán para dar conta do perfil máis político do autor: a súa formación como galeguista no marco da “alborada cívica” que trouxo a II República; a súa fuxida de Galicia tras a sublevación militar, nun periplo que o levaría a Castela, Portugal, Francia, Barcelona e á fronte bélica de Aragón e Cataluña; e o episodio “máis heroico da biografía enteira” do corgomés, cando dirixiu dende París o comité galeguista que traballou arreo para socorrer galegos e galegas nos campos de internamento do Mediterráneo francés e sen recursos nin identidade oficial.

A directora da Sección de Lingua, Rosario Álvarez, detívose na lingua do homenaxeado quen, tomando como punta de partida a fala de Valdeorras, sempre tivo a vontade de “sumarse á construción colectiva dun galego culto válido para todos os habitantes da Galicia infinda”. A académica profundou na súa condición de poeta de Valdeorras dende a perspectiva lingüística, mais subliñou que foi tamén “parte dun proxecto colectivo que busca transcender as fronteiras do local, do mesmo xeito que ten que rachar coas limitacións de rexistros, temáticas e contextos” como escritor.



Ramón Villares, Rosario Álvarez e Xesús Alonso Montero. Fonte: RAG

Da parte literaria encargouse Xesús Alonso Montero, que ofreceu unha análise da condición de Florencio como poeta matriótico e asemade patriótico: un cantor das cousas das terras de Valdeorras e tamén poeta cívico, das causas, en referencia aos versos galeguistas e sociolingüísticos que cultivou xa dende os tempos da República. O académico retratou así o poeta a partir do estudo da súa produción nun período moi concreto, o comprendido entre 1931 e 1934, no que “transita con naturalidade dun xénero a outro”, cunha forte presenza da natureza.

A sesión plenaria rematou coa interpretación do Himno por parte da Real Banda de Gaitas de Ourense.

Posteriormente, académicos e corgomeses compartiron polas rúas da aldea unha “Florenciada”, un encontro que foi, como a el lle gustaría, unha celebración en comunidade.



Interpretación do Himno Galego, como ramo da sesión. Fonte: RAG



Académicas e académicos asistentes á sesión. Fonte: RAG



Celia, Maruxa e Carmiña Delgado Teijeiro, as tres fillas de Florencio. Fonte: RAG



As rúas de Corgo enchéronse de música na “Florenciada”. Fonte: As letras de Florencio

SIMPOSIO FLORENCIO DELGADO GURRIARÁN

O *Simposio Florencio Delgado Gurriarán*, organizado pola Real Academia Galega, coa colaboración da Xunta de Galicia, desenvolveuse no salón de actos da RAG os xoves 3, e 10 de novembro de 2022. As xornadas puideron seguirse telematicamente a través da páxina web institucional. O programa que se desenvolveu foi o seguinte:



Xoves, 3 de novembro

17:00 h Inauguración

17:15 h Relatorio

Xesús Alonso Montero. *A poesía sociolingüística de Florencio Delgado Gurriarán e doutros poetas do seu tempo*

17:15 h Mesa redonda. Modera Víctor F. Freixanes

Ramón Nicolás. *Dúas incursións na epistolografía de Florencio Delgado Gurriarán: Rodolfo Prada e Ramón Otero Pedrayo*

Débora Álvarez Moldes. *A voz do poeta dende Valdeorras*

Concepción Álvarez Pousa. *As fontes léxicas na lírica de Florencio Delgado Gurriarán*

Xosé Manuel Dasilva Fernández. *As traducións de Florencio Delgado Gurriarán*

19:00 h Coloquio

20:00 h Presentación

Ricardo Gurriarán. *Co anxeio de volver. Conversas con Florencio Delgado e Celia Teijeiro*

O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, inauguraron o encontro, que se desenvolveu co apoio económico da Xunta de Galicia.

Xesús Alonso Montero interveu deseguido cun relatorio sobre a poesía socio-lingüística do homenaxeado e doutros poetas do seu tempo.

Deseguido, Víctor F. Freixanes, moderou unha mesa redonda que contou coas contribucións do académico correspondente Ramón Nicolás, Débora Álvarez, Concepción Álvarez Pousa e Xosé Manuel Dasilva. Nicolás analizou unha serie de cartas escritas entre febreiro e abril de 1939, unha etapa na que o poeta valdeorrés desenvolveu labores de responsabilidade política e humanitaria en Barcelona e París para facilitar a fuxida dos refuxiados galegos cara a América co apoio da emigración galega á outra beira do Atlántico. O académico correspondente detívose ademais na súa correspondencia con Ramón Otero Pedrayo, tamén conservada na Fundación Penzol.

Débora Álvarez Moldes analizou a paisaxe na poesía de Florencio Delgado Gurriarán, que retrata as terras de Valdeorras con especial intensidade desde o exilio mexicano. “Nos textos que escribe alén mar, no exilio, fala dunha paisaxe e dun lugar que recorda, que non ten presente. E cambia de forma notoria a escrita, parece que nos amosa cadros cunha descrición máis demorada, con moitísimos máis adxectivos, máis afastada das vangardas, pero que aínda así segue a amosar sempre sensacións moi evocadoras”, detallou.

A filóloga Concepción Álvarez Pousa, profundou nas fontes léxicas na lírica do autor. “O seu galego literario é a lingua viva do pobo, o da xente de Valdeorras, que se reflicte especialmente no plano léxico e que ademais está caracterizado por



De esquerda a dereita, Xosé Manuel Dasilva, Débora Álvarez, Víctor F. Freixanes, Concepción Álvarez Pousa e Ramón Nicolás. Fonte: RAG

Presentación da obra
*Co anxeio de volver. Conversas
 con Florencio Delgado
 e Celia Teijeiro*



arcaísmos, hipergaleguismos e lusismos, cunha clara depuración de castelanismos, dado o afán por crear un modelo diferencialista na escrita”, resume.

O catedrático da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, Xosé Manuel Dasilva, centrouse nas traducións de Delgado Gurriarán ao galego de poetas como Walt Whitman ou Paul Valéry. Dasilva presentou ademais como primicia a documentación exhumada recentemente do informe de censura sobre o poemario *Galicia infinda* (Galaxia, 1963), o único que Florencio Delgado Gurriarán publicou en Galicia durante o franquismo.

O programa concluíu coa presentación do libro *Co anxeio de volver. Conversas con Florencio Delgado e Celia Teijeiro*, unha edición da RAG ao coidado de Ricardo Gurriarán, que reúne a conversa que Delgado Gurriarán mantivo en 1979 coa antropóloga catalá establecida en México Dolors Pla (1954-2014) para o arquivo da historia oral do exilio español do país que os acolleu a ambos, nunha versión traducida ao galego e editada para a ocasión; e mais a entrevista que o propio Ricardo Gurriarán lle fixo á dona do homenaxeado, Celia Teijeiro, en 1998.

Xoves 10 de novembro

17:00 h Relatorio

Ricardo Gurriarán. *Trazos biográficos de Florencio Delgado Gurriarán*

17:15 h Mesa redonda. Modera Ramón Villares

Xosé Luís Pastoriza. *Nas primeiras ringleiras do galeguismo:
 Florencio na guerra civil e no primeiro exilio*

Samuel Diz. *Xesús Dopico e Florencio, do Ipanema a México*

Pilar Cagiao. *O México ao que chega Florencio*

18:45 h Coloquio

19:30 h Actuación musical: A canción galega en México no exilio de 1939

O exilio mexicano foi o eixe do programa da segunda e derradeira xornada do *Simposio Florencio Delgado Gurriarán*. O director da Sección de Historia da institución, Ramón Villares, moderou a mesa redonda na que o profesor de Filosofía Xosé Luís Pastoriza e o investigador e músico Samuel Diz abordaron as relacións do protagonista do Día das Letras Galegas 2022 con Ramiro Illa Couto e Xesús Dopico Ferreiro, dúas figuras que, malia a relevancia que tiveron no exilio galeguista, ficaron no esquecemento. A historiadora Pilar Cagiao afondou na faceta menos coñecida de Delgado Gurriarán relacionada cos intelectuais mexicanos cos que tivo contacto desde a súa chegada a México en 1939 e o seu biógrafo, Ricardo Gurriarán, detívose en distintos momentos da traxectoria vital do poeta valdeorrés.

O profesor de Filosofía da Universidade de Santiago de Compostela Xosé Luís Pastoriza trouxo ao encontro a relación entre Delgado Gurriarán e Ramiro Illa Couto durante a guerra civil e o primeiro exilio. “Tras a caída de Cataluña en mans do exército sublevado en febreiro de 1939, os dous coordinaron os labores de axuda aos refuxiados galegos internados nos campos de concentración franceses. Co apoio económico da diáspora galega na Arxentina e das Sociedades Hispanas Confederadas nos Estados Unidos, lograron xestionar a saída cara ao exilio en México e Chile nos ‘barcos da liberdade’. Foi esforzo republicano e galeguista desenvolvido en man común no medio de enormes dificultades económicas e políticas, coa derrota final da República e os preparativos da segunda guerra mundial”, resume o investigador.

Un deses barcos da liberade era o *Ipanema*, ao bordo do cal Florencio Delgado Gurriarán chegaría ao exilio mexicano acompañado, entre outros, de Xesús Dopico Ferreiro, primeiro presidente do Padroado da Cultura Galega en México. Samuel Diz, especializado na recuperación da música orixinal da Xeración do 27 e o legado cultural do exilio do 39, presentou a relación inédita entre ambas



De esquerda a dereita,
Xosé Luís Pastoriza,
Víctor F. Freixanes, Pilar
Cagiao, Belén Vaquero,
Ramón Villares, Samuel Diz e
Ricardo Gurriarán.
Fonte: RAG

as figuras. “O de Xesús Dopico é un dos nomes destacados e, paradoxalmente, máis descoñecidos do exilio galego en México”, explica o investigador, que se mergullou en 2017 nos arquivos mexicanos e españois para trazar o percorrido biográfico do músico nado en Ferrol no ano 1902.

Pilar Cagiao centrouse na súa intervención na especificidade de México como destino, e non só polo número de exiliados que recibiu e a relación de Delgado Gurriarán coa intelectualidade mexicana. “México foi o país americano máis activo no momento de adoptar unha política oficial respecto do tema dos refuxiados. A política solidaria de Lázaro Cárdenas fixo que a meirande parte de exiliados escollese este destino, incluso moitos que nun primeiro momento optaran por outros países”, detalla a profesora de Historia Contemporánea da USC.

O simposio, organizado co apoio da Xunta de Galicia e do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades, rematou cunha actuación musical de Samuel Diz na guitarra clásica e da soprano Belén Vaquero. O repertorio incluíu pezas para poemas de Amado Carballo, Álvaro Cunqueiro, Augusto Casas e Xosé María Álvarez Blázquez asinadas polo lugués Xesús Bal y Gay e María Teresa Prieto e Rodolfo Halffter –todos eles, coma Florencio, exiliados en México–, e mais unha canción de cego harmonizada por Gustavo Durán.



Samuel Diz e Belén Vaquero interpretan composicións musicais do exilio mexicano para poemas galegos. Fonte: RAG

PRIMAVERA DAS LETRAS



O 22 de marzo a Real Academia Galega presentou no CEIP Xosé Manuel Folla Respino (Vilamartín de Valdeorras) o sitio web Primavera das Letras 2022 dedicado a Florencio Delgado Gurriarán. O proxecto dixital forneceu os nenos e nenas de diversos recursos lúdicos e didácticos, descargables e interactivos, para achegalos á figura do escritor a quen a institución dedica as Letras Galegas 2022.

Leticia Costas asumiu a encarga da Academia de escribir a biografía de Florencio Delgado, converténdoo nun neno máis para que sexa el mesmo quen lles conte a súa vida aos cativos e cativas do século XXI. E para iso sérvese dun trebello máxico, uns prismáticos que lle permiten viaxar no tempo e deterse en cada etapa dun periplo que arrincou nas terras valdeorresas e rematou no exilio mexicano. Blanca Millán foi quen creou as imaxes que acompañan o texto.

Xunto á biografía do autor, o proxecto Primavera das Letras ofrece tamén fichas para colorear unha escolma de ilustracións de Blanca Millán, deseños de chapas e marcapáxinas e actividades interactivas para afondar en temas relacionados co universo vital e literario do poeta valdeorrés. Conta ademais cunha sección audiovisual, con vídeos protagonizados por nenos e nenas da súa comarca que cantan e recitan poemas da súa autoría, como “Aí vén o maio” ou “Casoiro”.

Á presentación da sétima edición da Primavera das Letras asistiu a académica Fina Casalderrey, directora do proxecto, xunto con Leticia Costas e Blanca Millán. No acto tamén interviñeron o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes; o director do CEIP Xosé Manuel Folla Respino, José María González Cubelos; Priscila Núñez, en representación das familias do alumnado; a directora do proxecto As Letras de Florencio, Débora Álvarez Moldes; e o alcalde de Vilamartín de Valdeorras, Enrique Álvarez Barreiro.




Alumnado do colexio de Vilamartín de Valdeorras e demais participantes na presentación.
Fonte: RAG

Pero os verdadeiros protagonistas desta primeira homenaxe da Real Academia Galega a Delgado Gurriarán na súa terra foron os nenos e nenas da única escola deste concello do extremo oriental ourensán, que conta con vinte e cinco menores matriculados, varios deles veciños e veciñas de Córrego. Parte do alumnado interpretou en directo a adaptación musical do poema “Vente, ventíño do norte” realizada polo mestre de música, Jaime Díaz Paradelo, e na páxina web do proxecto pode verse un vídeo no que dramatizan e recitan outras composicións do poeta de Valdeorras.

CONTÁDENOS O VOSO DÍA DAS LETRAS

Ao abeiro de Primavera das Letras, a RAG convocou ademais un concurso escolar, Contádenos o voso Día das Letras, arredor da celebración das Letras Galegas de Florencio Delgado Gurriarán.

Un total de sesenta e oito centros de educación infantil e primaria de toda Galicia participaron nesta edición. Cancións, bailes, obras de teatro, obradoiros de poesía, programas de radio, crebacabezas ou debuxos son só algunhas das propostas desenvolvidas polo alumnado dos colexios participantes. Os centros de educación infantil e primaria de Seixalbo (Ourense), Fondo Nois (Foz) e Julio Gurriarán Canalejas (O Barco de Valdeorras) foron os gañadores do concurso.



Proxecto presentado polo CEIP de Seixalbo

O colexio de Seixalbo presentou ao concurso Contádenos o voso Día das Letras de Florencio Delgado Gurriarán un vídeo breve, “Un minuto con Florencio”, que narra a vida do poeta valdeorrés con debuxos e a voz en off de alumnas e alumnos de sexto curso. A videocreación fíxose coa colaboración da canle Tik Tak Draw a partir do guión escrito polo equipo de dinamización da lingua do centro educativo.



Proxecto presentado polo CEIP Fondo Nois



Proxecto presentado polo CEIP Julio Gurriarán Canalejas



Fonte: RAG

O profesorado do CEIP Fondo Nois argallou unha festa galego-mexicana para achegar o alumnado á traxectoria vital de Florencio Delgado Gurriarán, e amosoulles aos cativos e cativas, a partir dos seus “Poemas mexicanos”, distintas danzas do mundo. Un xogo interactivo sobre a vida de Florencio da man de Coguleo, a mascota da biblioteca escolar, biografías ilustradas, murais ou dramatizacións de episodios da vida do escritor son outras das propostas desenvolvidas dende o centro focense.

Os versos de Florencio Delgado Gurriarán tamén inspiraron o proxecto premiado do CEIP Julio Gurriarán Canalejas do Barco de Valdeorras, a comarca natal do homenaxeado. O colexio presentou a adaptación musical do poema “Aí vén o maio”, un videoclip protagonizado polos nenos e nenas de 5 anos baixo a dirección da súa titora e do mestre de Música.

Os tres colexios gañadores foron agasallados cun lote de libros e todos os participantes recibiron un diploma acreditativo. A entrega dos premios tivo lugar o 17 de outubro nun acto celebrado na Real Academia Galega.

LINGUA GUAPA


Primavera das Letras enriqueceuse este curso cunha nova sección, “Lingua Guapa”. Desde este espazo a RAG ofrece recursos lúdicos e didácticos sobre lingua e literatura para o público infantil alén da figura protagonista do Día das Letras Galegas. A sección presentouse no mes de setembro coa estrea da película *A orixe da nosa lingua guapa*.

A comunidade educativa do CPI Santa Lucía de Moraña (Pontevedra) exerceu de anfitriña da presentación o 30 de setembro, nunha celebración na que participou toda a comunidade escolar e representantes institucionais.

A cinta baséase nunha idea orixinal da académica Fina Casalderrey, que asina o guión coa profesora de galego Fátima R. Ruibal. A docente do IES Antón Alonso Ríos (Tomiño) é ademais a mestra-meiga que protagoniza esta película canda as verdadeiras estrelas da produción: os nenos e as nenas do CPI Santa Lucía que se converteron en actores e actrices para a ocasión. Todo o equipo, baixo a batuta de Damián Varela na dirección, traballou arreo durante a pasada primavera nesta historia na que realidade e fantasía se entrecen para explicarlle ao público novo como se foi formando ao longo dos séculos o galego.

A rodaxe tivo lugar no propio centro educativo e na Casa do Pardiñeiro, tamén en Moraña, e executouse co apoio económico da Deputación da Coruña, patrocinadora de Primavera das Letras.

No acto de presentación interviñeron o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, Fina Casalderrey, académica e guionista, Fátima R. Ruibal, guionista e actriz no filme, Damián Varela, director e María Fernández Ferro, directora do colexio.



Presentación de *A orixe da nosa lingua guapa*. Fonte: RAG

O SOÑO DA GALICIA INFINDA



A Real Academia Galega presentou a serie documental *Florencio Delgado Gurriarán. O soño da Galicia infinda*, realizada pola produtora Miramemira, unha achega en cinco capítulos á vida e á obra do autor guiada polas súas propias palabras.

Os cinco capítulos trazan un percorrido pola traxectoria vital de Florencio Delgado Gurriarán deténdose nos diversos aspectos que compoñen o seu perfil, marcado polas inquedanzas literarias, lingüísticas e políticas, e mais por un forte amor a Galicia, de maneira especial, por Valdeorras, a terra que o viu nacer no ano 1903.

O primeiro capítulo estreouse o 7 de abril de 2022, e os seguintes, despois da pascua, en semanas consecutivas ata a previa ao 17 de maio.

A serie foi realizada co apoio económico da Xunta de Galicia e o Ministerio de Ciencia e Innovación.

Lista de capítulos



Meu Cógomo de Valdeorras

14 de abril de 2022


O capítulo 1 é un retrato próximo e íntimo dun home de carácter alegre e conciliador, amigo do baile e da música, como demostra parte da súa poesía.



O compromiso e a guerra

21 de abril de 2022

Nárrase a súa entrada en contacto co galeguismo organizado e a súa participación na resistencia republicana, na que se implicou activamente nos labores de evacuación cara ao exilio de compatriotas.



O exilio mexicano

28 de abril de 2022


Centrado no exilio mexicano, onde foi un comprometido activista cultural e membro destacado de iniciativas como as revistas *Vieiros* e *Saudade*.



A poesía de Florencio

5 de maio de 2022

Analiza os diversos aspectos da obra poética do autor, unha traxectoria poliédrica que abrangue dende unha sensualidade unida á paisaxe do viño da súa terra, Valdeorras, ata a poesía satírica antifranquista e, xa dende o exilio, un feixe de poemas singulares na literatura galega que fan súa a forza tímbrica do léxico náhuatl e a musicalidade do son mexicano.



A lingua de Florencio

12 de maio de 2022

Dedicado ao emprego que Florencio Delgado fai do idioma galego. Conta coa participación, entre outras personalidades, de Xesús Alonso Montero, Débora Álvarez Montes e Concepción Álvarez Pousa.

POLOS VIEIROS DE FLORENCIO




A RAG programou dende o 4 de febreiro ata o 31 de maio unha serie de 32 micropezas audiovisuais en forma de homenaxe colectiva de quen coñeceron a autora xunto a novas olladas e recitados dos seus escritos de académicos e académicas, persoeiros do mundo da cultura, mozos e mozas e cidadáns e cidadás de distintos perfís profesionais. As micropezas puideron verse a través da web e das redes sociais da institución.

Lista de episodios

4/II/2022	Víctor F. Freixanes
8/II/2022	Ramón Villares
15/II/2022	Margarita Ledo
22/II/2022	Miro Villar
2/III/2022	Rosario Álvarez
8/III/2022	Ricardo Gurriarán
15/III/2022	Enrique Álvarez Barreiro
22/III/2022	Manuel Rivas
29/III/2022	Débora Álvarez Moldes
5/IV/2022	Soledad Figueroa
11/IV/2022	Anxo Rei. "O ventíño namorouse"
13/IV/2022	Cecilia Fernández Rodríguez
18/IV/2022	Lourenzo Fernandez Prieto
25/IV/2022	Ana Boullón

2/V/2022	Beatriz Pérez Losada
3/V/2022	Anxo Rei “Cantiga da vendima”
6/V/2022	Orde caos
9/V/2022	Concepción Álvarez Pousa (I)
13/V/2022	Lucio Santalla
13/V/2022	Xosé Ramón Pena
13/V/2022	Concepción Álvarez Pousa (II)
13/V/2022	Xesús Alonso Montero
16/V/2022	José Luis García Pando
16/V/2022	Fátima Delgado
19/V/2022	Domingo Díaz Docampo
20/V/2022	Eilún del Pazo Moa
25/V/2022	Manoele de Felisa “A traxedia dos castiñeiros”
26/V/2022	Jorge Moral
31/V/2022	Celia, Maruxa e Carmiña Delgado Teixeira
6/V/2022	Xavier Castro
9/V/2022	Merche Gallego Delgado
15/V/2022	Miro Villar “Morte de Alexandre Bóveda”




Xesús Alonso Montero
13/05/2022



José Luis García Pando
16/05/2022



Fátima Delgado
16/05/2022




Domingo Díaz Docampo
19/05/2022



Eilún del Pazo Moa
20/05/2022



Manoele de Felisa
A traxedia dos castiñeiros



Jorge Moral
26/05/2022



Celia, Maruxa e Carmiña Delgado
Teixeiro
31/05/2022



Xavier Castro
06/06/2022

OUTRAS ACTIVIDADES DAS LETRAS GALEGAS 2022

Presentación dos contidos do ano Florencio Delgado Gurriarán 7 de febreiro de 2022




Víctor F. Freixanes presentou en rolda de prensa na sede da institución a programación do Día das Letras Galegas dedicado ao escritor natural de Vilamartín de Valdeorras. Xunto a el interviñeron Ricardo Gurriarán, biógrafo e familiar do homenaxeado; e Débora Álvarez Moldes, directora do proxecto *As letras de Florencio*. O acto contou ademais coa

presenza das académicas da comisión executiva da RAG, Margarita Ledo, Marilar Aleixandre e Fina Casalderrey; o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García; o alcalde de Vilamartín de Valdeorras, Enrique Álvarez Barreiro; o alcalde e a concelleira de Cultura do Barco de Valdeorras, Alfredo García Rodríguez e Margarita Pizcueta Barreiro; e o presidente do Instituto de Estudos Valdeorreses, Aurelio Blanco Trincado.

Presentación de *Florencio Delgado Gurriarán. Antoloxía poética* 30 de marzo de 2022

Vilamartín de Valdeorras acolleu a presentación dunha antoloxía poética do seu veciño Florencio Delgado Gurriarán, a cargo de Margarida Pizcueta Barreiro e Débora Álvarez Moldes, directora d'*As letras de Florencio*. O presidente da RAG participou na presentación da antoloxía no concello natal de Florencio Delgado Gurriarán xunto a Débora Álvarez Moldes, Margarida Pizcueta, o presidente do Instituto de Estudos de Valdeorreses, Aurelio Blanco Trincado, e o director xeral de Galaxia, Francisco Castro.



Discurso de ingreso de Florencio Delgado Gurriarán como académico correspondente. 28 de abril de 2022

Tras ter que se exiliar en México, Florencio Delgado Gurriarán só volveu tres veces a Galicia, a primeira en 1968 e a derradeira en setembro de 1981. Naquela viaxe foi recibido como membro fundador do Instituto de Estudos Valdeorreses e como membro correspondente da Real Academia Galega. No seu discurso de ingreso na RAG, conservado no arquivo da institución, lembra en primeira persoa como tivo que fuxir a México canda tantos outros

que pensaban coma el, o seu agradecemento co país que acolleu tantos exiliados despois da guerra civil e tamén o labor a prol da cultura galega que, xunto a outros paisanos, desenvolveu. O texto mantén a lingua orixinal do autor. Foi agasallado no pleno extraordinario do Día das Letras Galegas.

A Penzol expón os seus fondos sobre o autor das Letras Galegas

2 de maio de 2022

A Fundación Fermín Penzol amosou entre o 2 de maio e o 3 de xuño os fondos bibliográficos e documentais que custodia relacionados con Florencio Delgado Gurriarán. A exposición reuniu fotografías, correspondencia e manuscritos e mecanoscritos orixinais, primeiras edicións das súas obras e exemplares das revistas nas que participou o protagonista do Día das Letras Galegas 2022, entre outros fondos. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, visitou a mostra acompañado de Francisco Domínguez e Xosé Manuel Soutullo, anterior e actual director da Penzol.

Visita de Maruxa, Celia e Carmiña Delgado Teixeira á Real Academia Galega

20 de maio de 2022

Convidadas polo presidente da Academia, as fillas de Florencio Delgado Gurriarán visitaron a sede da institución. Na visita tamén participaron Anita Fabre, amiga de Carmiña, Maruxa e Celia Delgado Teixeira; Teresa Delgado, familiar delas; e Domingo Díaz Docampo, que está a traballar nun documental sobre Florencio Delgado Gurriarán.



Pasamento de Celia Teixeira, viúva de Florencio Delgado Gurriarán

20 de xuño de 2022

A Real Academia Galega tivo que lamentar o pasamento de Celia Teixeira, viúva do protagonista do Día das Letras Galegas 2022, Florencio Delgado Gurriarán. De orixe galega, Celia Teixeira nacera había 96 anos en Cuernavaca (México) e casou co poeta valdeorrés en 1944, cinco anos despois de que, tras a guerra civil, el chegase a México como exiliado a bordo do *Ipanema*.

IV Premio de Poesía Florencio Delgado Gurriarán 2 de agosto de 2022

No verán do ano Florencio Delgado Gurriarán convocouse a cuarta edición do concurso de poesía que leva o seu nome. O académico correspondente Ramón Nicolás formou parte do xurado.

Xornadas Florenciífilas 18 de novembro de 2022

O proxecto *As Letras de Florencio* desenvolveuse entre o venres 18 e o domingo 20 de novembro na Rúa, Petín, O Barco de Valdeorras e Rubiá. O programa constou de catros mesas centradas na literatura, a lingua, a historia e as artes. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, participou o venres no coloquio literario que abriu a cita, no centro cultural Avenida da Rúa, xunto ao expresidente Xesús Alonso Montero e o crítico literario Ramón Pena.



O sábado 19 Petín acolleu ás 12:00 horas a mesa da historia, na que interviñeron Aurora Marco, Telmo González e Camilo de Valdeorras. Ese mesmo día, ás 19:00 horas o Barco de Valdeorras foi o escenario da mesa da lingua, coa directora da Sección de Lingua da Real Academia Galega, Rosario Álvarez, a filóloga Concepción Álvarez Pousa e o presidente do Ateneo Republicano de Valdeorras e profesor de Historia, Francisco Cobo. O domingo a mesa das artes desenvolveuse en Rubiá, cun coloquio no que tomaron a palabra os creadores Domingo D. Docampo, Raquel Queizás e Ramiro Núñez.

As Letras de Florencio pecha o ano de Delgado Gurriarán con dúas propostas de cine. 15 de decembro de 2022

O venres 16 de decembro estreou no cine da Rúa *Florencio Delgado Gurriarán do A ao Z*. O documental sobre o autor dirixido por Aser Álvarez, puido seguirse en directo a través de Youtube a partir das 12:00 horas, nun convite dirixido especialmente á comunidade educativa galega. O domingo 18 o Centro Cultural Avenida da mesma localidade acolleu a preestrea da longametraxe documental *Florencio na Terra*, dirixida polo petinés Domingo D. Docampo e gravada en Valdeorras e México.

V CONCURSO DE MICRORRELATOS DA REAL ACADEMIA GALEGA E A ASOCIACIÓN PUNTOGAL



O 28 de xaneiro de 2022, a Real Academia Galega e a Asociación PuntoGal presentaron a quinta edición do concurso de microrrelatos convocado por ambas as entidades co obxectivo de reforzar o uso da lingua galega en Internet. Esta edición presentouse en rolda de prensa na sede da institución, na que participaron o presidente da Real Academia, Víctor F. Freixanes, o presidente de PuntoGal, Manuel González González, e o seu director xeral, Darío Janeiro.

O número de participantes en 2022 foi de máis de 900 persoas, distribuídas nas categorías de infantil (preto de 300 microrrelatos presentados), xuvenil (case 200) e adultos (preto de 500).

O xurado da categoría de persoas adultas estivo composto polo presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o presidente e o director xeral de PuntoGal, Manuel González González, a académica correspondente e profesora de Literatura Comparada da Universidade da Coruña Olivia Rodríguez; o director



Membros do xurado da V edición do Concurso de Microrrelatos. Fonte: RAG

xeral de PuntoGal, o xornalista e profesor da USC Darío Janeiro; e a xornalista Marta Otero Mayán, membro do comité de redacción de *Luzes*.

Nas categorías infantil e xuvenil, os relatos foron avaliados pola escritora e académica Fina Casalderrey, membro da comisión executiva da RAG; a enxeñeira de telecomunicacións e profesora da Universidade de Vigo Edita de Lorenzo, secretaria da xunta directiva de PuntoGal; o escritor, crítico literario e profesor Ramón Nicolás, membro correspondente da RAG; a filóloga Cristina Ríos, membro do equipo de PuntoGal; e Santiago Romero, membro do comité de redacción de *Luzes*.

A decisión dos xurados deuse a coñecer o 1 de xuño de 2022.



Persoas gañadoras das tres categorías

Resultou gañador do primeiro premio de adultos “Aire libre”, unha historia inspirada na pandemia, pero cun xiro inesperado, asinada por Antonio Cepeda Fandiño, profesor de Xeografía e Historia e responsable da área de documentación do Museo Pedagóxico de Galicia.

Carlos Neira Suárez, xubilado do sector naval, fíxose co segundo premio de adultos con “Cronoloxías”, un relato conmovedor sobre as pegadas do paso do tempo na memoria; e Anabel Rodríguez Vázquez, perruqueira e veciña de Ourense, gañou o terceiro da mesma modalidade con “Herdanza”, un conto sobre arelas infantís e perdas irreparables.

Antía Novas Arribas, alumna de 2º de bacharelato do IES Johan Carballeira de Bueu, resultou a gañadora do primeiro premio na modalidade xuvenil co relato “Sen”, unha historia estremecedora de pouco máis de 100 palabras. “Nacido con identidade propia”, un relato que conecta o valor do patrimonio natural coa consciencia de noso, valeulle o segundo premio na modalidade xuvenil a Lucas González Pérez, alumno de 1º de bacharelato do Colexio Marista Santa María de Ourense. E o terceiro premio da mesma categoría foi para o desacougante “Quen



Entrega de premios, na sede da Academia. Fonte: RAG

son?” de Carlota Alcalde Lorenzo, alumna de 4º da ESO do IES Campo de San Alberto de Noia.

Na categoría infantil, o relato gañador foi “O gran baile”, de tan só 16 palabras, de Elena Pastoriza Cortizo, alumna do CEIP Montemogos de Beluso (Bueu). O segundo premio da mesma categoría recaeu en “Lingua adoptiva”, un conto baseado na descuberta do galego da propia autora, Marina Cabrera Vives, alumna do CEIP Castrelo de Miño, quen se instalou coa súa familia non hai moito no Ribeiro procedente de Cataluña. A peregrinación a Compostela de Isabel, “A mosca viaxeira”, deulle a Ximena Landeira Lista, alumna do CEIP Ramón Cabanillas de Santiago de Compostela, o terceiro premio.

As persoas premiadas recibiron, nun acto celebrado o 22 de xuño de 2022 na sede da Real Academia Galega, diferentes galardóns tecnolóxicos e libros, entre outros obsequios, nun evento no que leron os seus respectivos textos.

As historias gañadoras do V Concurso de microrrelatos da Real Academia Galega e PuntoGal poden lerse nunha publicación ilustrada por Laura Romero e dispoñible na web da Academia. A revista *Luzes* tamén as publicou na súa edición en papel xunto aos relatos das persoas finalistas.



NOVAS VOCES PARA A LINGUA. SUPERHEROÍNAS

A segunda serie da Real Academia Galega e a Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela realizada no marco do proxecto *Novas voces para a lingua* foi desenvolvida por José Manuel Diego Ferreira, alumno de Xornalismo, e contou co apoio económico da Xunta de Galicia.

Este proxecto está impulsado por ambas as institucións para visibilizar e promover o uso cotián do galego entre a mocidade dándolles voz a novos creadores e creadoras.

O 2 de novembro realizouse a presentación oficial dunha tempada na que as protagonistas son a poeta Alba Cid, a cantante Andrea Pousa, a creadora de videoxogos Laksmy Irigoyen, a xornalista Esther Estévez, a instagramer Paula Jorge Horta, a fotógrafa Antía Castro e a propia Lucía Freitas.



Participantes no acto ás portas da Facultade de Ciencias da Comunicación. Fonte: RAG

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; a decana de Ciencias da Comunicación, Ana Isabel Rodríguez Vázquez; o vicerreitor de Profesorado da USC e académico correspondente, Ernesto González Seoane; as protagonistas da serie e o seu director participaron no acto, celebrado na Facultade de Ciencias da Comunicación, onde tamén interviñeron Xurxo Salgado, profesor coordinador de Neofalantes, o proxecto que protagonizará a terceira edición de *Novas voces para a lingua*; e parte do equipo de *Consegüiremos*, a primeira produción da RAG e a USC no marco deste acordo.

CONGRESO INTERNACIONAL DE TOPONIMIA NO CAMIÑO DE SANTIAGO

Congreso Internacional de Toponimia no Camiño de Santiago



O Congreso Internacional de Toponimia no Camiño de Santiago celebrouse no salón de actos da Facultade de Filoloxía de Santiago de Compostela do mércores 21 ao venres 23 de setembro de 2022. Estivo organizado pola Real Academia Galega coa colaboración do Instituto da Lingua Galega e a Asociación Galega de Onomástica, e co apoio da Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Xunta de Galicia.

O comité organizador estivo formado pola académica de número Ana Isabel Boullón Agrelo, a académica correspondente Luz Méndez e mais por Andrea Santiso. A xornada emitíuse en streaming a través da canle de YouTube da Real Academia Galega.

No comité científico participaron Antón Santamarina (RAG, USC), Ramón Lorenzo (RAG, USC), Manuel Ferreiro (UdC), Antón Palacio (RAG, UVigo), Dieter Kremer (Universität Trier), Ivo Castro (RAG, Universidade de Lisboa), Jean Germain (Université Catholique de Louvain), Alda Rossebastiano (Università di Torino), Javier Terrado (Universitat de Lleida) e Joan Anton Rabella (Institut de Estudis Cataláns).

Contido

No ano 2021, a VI Xornada de Onomástica Galega reuniu no Museo de Pontevedra especialistas de distintos ámbitos que profundaron na onomástica a través do Camiño de Santiago. O camiño (ou mellor, os camiños) que traen os peregrinos a Santiago de Compostela son unha fonte inesgotable de toponimia de moitos países e en moitas linguas, nomes xeográficos ben coñecidos, especialmente as localidades que inician e pechan os distintos treitos susceptibles de facer nunha

xornada. Non obstante, aqueles lugares e paraxes (camiños, fontes, muíños, propiedades rústicas...) que se encontran entre un e outro punto teñen pouca visibilidade e non son moi coñecidos polos camiñantes nin polos estudosos da toponimia; nun bo número de casos só se conservan na memoria local e corren risco de desaparecer porque, co abandono do territorio máis rural, non hai necesidade de transmisión.

Na inauguración do *Congreso Internacional de Toponimia no Camiño de Santiago* interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, a académica de número e organizadora do congreso, Ana Boullón; a académica correspondente e presidenta da AGON, Luz Méndez, tamén á fronte da organización; o reitor da USC, Antonio López; o decano de Filoloxía, Elías Torres; a secretaria do Instituto da Lingua Galega, María Álvarez de la Granja; e o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez.

O programa desenvolveuse da seguinte maneira:

Mércores 21 de setembro de 2021

Sección I: O Camiño de Santiago en Galicia

- | | |
|---------|--|
| 9:30h | Inauguración |
| 10:00 h | Conferencia plenaria I. Gonzalo Navaza: <i>Etimoloxías xacobeas</i> . |
| 10:45 h | Carlos Búa: <i>Callobre, punto de inicio do longo camiño da historia onomástica de Santiago de Compostela</i> . |
| 11:15 h | Xosé Manuel Sánchez Rei: <i>Notas sobre a toponimia menor do concello de Sobrado na época medieval: vereas e casais no camiño a Compostela</i> . |
| 11:45 h | Debate |
| 12:15 h | Pausa |
| 12:45 h | Paula Bouzas: <i>O Tombo de Iria: fonte de información toponímica en terra de tradición xacobeas</i> . |
| 13:15 h | José María Anguita Jaén: <i>Toponimia alternativa nas guías do Camiño de Santiago: pegadas na paisaxe e tradicións peregrinais</i> . |
| 13:45 h | Debate |
| 16:00 h | Xosé María Lema: <i>Topónimos con historia do camiño de Santiago a Muxía por Brandomil</i> . |
| 16:30 h | Vicente Feijoo: <i>A microtoponimia relacionada co trazados das rutas xacobeas en Galicia</i> . |
| 17:00 h | Valentín García Gómez: <i>A toponimia: compoñente lingüístico, cultural e turístico do Camiño</i> . |

Carlos Rocha,
Ana Boullón, Toribio
Fuentes e Emilio Nieto.
Fonte: RAG



Xoves 22 de setembro de 2022

Sección II: O Camiño de Santiago na Península Ibérica

- 9:30 h Conferencia plenaria II. Emilio Nieto Ballester: *Aqua dulcis et sana ad bibendum: la toponimia de las fuentes y manantiales en el Camino de Santiago.*
- 10:15 h Carlos Rocha: *De Viseu a Santiago de Compostela. Contributo para o estudo toponímico do Caminho Português do Interior.*
- 10:45 h Toribio Fuentes: *Toponimia en el Camino de Santiago: de Astorga a O Cebreiro.*
- 11:15 h Debate
- 11:45 h Pausa
- 12:15 h Emili Casanova: *La onomástica del Camino de Santiago en el área catalano-valenciana.*
- 12:45 h Javier Giralt: *Toponimia en el Camino de Santiago a su paso por Aragón.*
- 13:15 h Debate
- 16:00 h Jairo García Sánchez: *Una etapa toledana en el Camino del Sureste jacobeo a través de su toponimia: Novés – Quismondo – Escalona.*
- 16:30 h Patxi Salaberri: *Toponimia del Camino de Santiago en Vasconia.*
- 17:00 h Mikel Gorrotxategi: *Erromesbidea, el Camino en la toponimia vasca.*
- 17:30 h Debate
- 19:30 h Actuación musical. Germán Díaz, zanfina, e Pablo Pascual, clarinete e baixo: *A zanfona e o Camiño de Santiago.*

Venres 23 de setembro de 2022. Sección III: O Camiño de Santiago en Europa

- 9:30 h Elena Papa e Alda Rossebastiano: *Tracce onomastiche del cammino di Santiago in area subalpina.*
- 10:00 h Pierre-Henry Billy: *Saint Jacques à la carte (France).*
- 10:30 h Debate



Gonzalo Navaza,
Elena Papa e Alda
Rossebastiano.
Fonte: RAG

Sección IV: Cartografía

- 11:45 h Fernando Pazos: *A toponimia dos camiños de Santiago na Infraestrutura de Datos Espaciais de Galicia (IDEG)*.
- 12:15 h Marta Montilla: *Recursos geográficos y digitales del IGN del Camino de Santiago*.
- 12:45 h Marcos Pavo López: *Santiago y el Camino en los mapamundis medievales*.
- 13:15 h Debate

Sección V: Historia medieval

- 16:00 h Carlos Balañas: *Os usos sociais do cognomentum na Galicia altomedieval e a posible influencia do Camiño de Santiago*.
- 16:30 h Irene García Losquiño: *Migración y toponimia en los alrededores del Camino*.
- 17:00 h Andrés Menéndez Blanco e Fernando Álvarez-Balbuena García: *O papel da toponimia na reconstrución das paisaxes históricas: exemplos arredor do Camín Francés na Asturias occidental*.
- 17:30 h José Carlos Sánchez Pardo: *Topónimos e o estudo histórico da paisaxe ó redor dos camiños de Santiago en terras galegas*.
- 18:00 h Debate
- 18:30 h Clausura

Os relatorios presentados no Congreso Internacional de Toponimia no Camiño de Santiago recóllense no volume *Os camiños de Santiago de Europa a Galicia: Lugares, nomes e patrimonio*, dispoñible na web institucional.

VII XORNADA DE ONOMÁSTICA GALEGA. A ONOMÁSTICA LITERARIA



A *VII Xornada de Onomástica Galega* celebrouse no salón de actos do Edificio Castelao do Museo de Pontevedra o sábado 15 de outubro de 2022. Estivo organizada pola Real Academia Galega coa colaboración da Excm. Deputación Provincial de Pontevedra e o Museo de Pontevedra. Ana Isabel Boullón Agrelo e Luz Méndez, académicas de número e correspondente, respectivamente, foron as responsables da organización e da coordinación. A xornada emitíuse en streaming a través da canle de You Tube da Real Academia Galega.

A xornada reuniu no Museo de Pontevedra especialistas de distintos ámbitos que profundaron na onomástica literaria. Nomes feridos, que designan lugares en poemas sobre as agresións ao medio natural e catástrofes ecolóxicas. Nomes propios como Rosa, a de “Nasín cando as prantas nasen”, a nai aleitadora de “Ora, meu meniño, ora” ou a “Queridiña dos meus ollos” de Rosalía de Castro; alcumes das cantigas medievas que reforzan o ánimo satírico; nomes das lendas troianas que deixaron pegada na Gallaecia ou antropónimos que marcan o rumbo dos protagonistas dunha novela. No porqué de todos eles, e de moitos outros, no seu valor e significado profundou esta xornada.

A inscrición na xornada foi gratuíta e aberta ao público en xeral. Acadouuse unha cifra de 80 inscricións, e a asistencia superou amplamente esta cifra, chegando aos 150 asistentes durante a mesa redonda.

Na inauguración interviñeron o director do Museo de Pontevedra José Manuel Rey García, a deputada de Lingua da Deputación de Pontevedra, María Ortega

Iñarrea, a coordinadora e académica correspondente Luz Méndez e o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes.

O programa desenvolveuse da seguinte maneira:

Sesión de mañá

10:00 h Inauguración

10:30 h Anxo Angueira: *A onomástica na obra de Rosalía de Castro: algúns principios e perfís.*

11:00 h M.^a Xesús Nogueira Pereira: *Seguirán falando os nomes a voces. Toponimia e ecopoesía na literatura galega.*

11:30 h Antón Palacio: *Nomes artúricos en Galicia.*

12:00 h Debate

12:30 h Descanso

13:00 h Bieito Arias Freixedo: *A onomástica como recurso da crítica textual. O caso da poesía trobadoresca galego-portuguesa.*

13:30 h Helena de Carlos Villamarín: *O misterio do nome: etimoloxía e alegoría nas lendas de Troia.*

14:00 h Debate

Sesión de tarde

16:30 h Marga do Val: *A literatura no mapa: a onomástica como identidade.*

17:00 h Mesa redonda: *A elección dos nomes de personaxe na narrativa galega.*

Moderadora: Marilar Aleixandre

Participan:

Berta Dávila

Marcos Calveiro

Fina Casalderrey

18:00 h Debate

18:30 h Acto poético e musical. Xosé María Álvarez Cáccamo e Magdalena Gamallo: *Cántico dos topónimos esdrúxulos.*

19:00 h Clausura

Os relatorios presentados na VII Xornada de Onomástica Galega e a transcripción do coloquio posterior á mesa redonda recóllense no volume *Estudos de Onomástica Galega VII. A onomástica literaria*, dispoñible na web institucional.

TOPONIMÍZATE 2022

Neste ano levouse a cabo a quinta edición da campaña de divulgación *Toponimízate. Falámosche dos nomes da túa terra*, xa sen as restricións provocadas pola pandemia da covid-19. A campaña presentouse en rolda de prensa o 8 de xuño na sede da RAG, na que participaron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e mais o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

Na edición de 2022 realizáronse relatorios en dezasete concellos (catro por provincia e unha charla nun centro de maiores), todos eles presenciais. Deste xeito súmanse xa 76 concellos en cinco edicións. Os concellos nos que se desenvolveu a campaña son os que se indican a continuación.

Pantón	17 de xuño	Salón de actos da Casa da Cultura
Sada	4 de xullo	Centro para atención de persoas maiores de Sada-Mondego
Laza	8 de xullo	Salón de actos da Casa do Concello
Chandrexa de Queixa	29 de xullo	Antigo colexio de Celeiros
A Fonsagrada	19 de agosto	Salón de actos dos Chaos
Covelo	30 de setembro	Auditorio municipal
Castrelo de Miño	5 de outubro	CEIP Castrelo de Miño
Rodeiro	7 de outubro	Centro Cultural Manuel Lamazares
Fisteria	10 de outubro	Salón de actos da Casa do Concello
Ortigueira	20 de outubro	Teatro da Beneficiencia
Allariz	21 de outubro	Casa da Cultura
Oleiros	28 de outubro	Auditorio da Fábrica (Perillo)
Ponteareas	9 de novembro	Auditorio municipal de Ponteareas
Forcarei	18 de novembro	CEIP Nosa Señora das Dores de Forcarei
Guntín	23 de novembro	Casa da Cultura
O Incio	25 de novembro	Salón de usos múltiples do Concello do Incio
Zas	28 de novembro	IES Maximino Romero de Lema de Baio

Nalgúns casos, como o da Fonsagrada, Pantón ou Zas, proxectáronse os vídeos correspondentes en que un membro do Seminario de Onomástica da RAG explica o significado do topónimo municipal ou do nome dalgunha das súas parroquias.

GUÍA DE NOMES GALEGOS



O 15 de xullo de 2022 presentouse en rolda de prensa a *Guía de nomes galegos*, unha ferramenta de consulta dispoñible na web institucional que contén as formas estándares de máis de 1 500 nomes galegos que forman parte da nosa tradición antroponímica desde a Idade Media. No acto, celebrado na sede da Real Academia Galega, participaron Ana Boullón, o coordinador do Seminario de Onomástica, Antón Santamarina, e o presidente da Academia, Víctor F. Freixanes.

O Seminario de Onomástica realizou os traballos de revisión da base de datos. O corpus e boa parte da información etimolóxica, de hipocorísticos e correspondencias ten como punto de partida o *Diccionario dos nomes galegos* coordinado por Xesús Ferro Ruibal e publicado en 1992.

A Real Academia Galega pretende facilitarlles ás persoas usuarias unha relación de nomes que recolla todos eses usos tradicionais, pero tamén moitos nomes novos que se habilitaron na sociedade desde a eliminación legal da prohibición de escoller nomes galegos para as nenas e os nenos. Inclúense correspondencias con outras linguas, de forma case sistemática no caso do portugués, vasco e catalán, aínda que tamén se teñen en consideración outras linguas europeas.

Desde a súa disposición ao público no mes de xullo a páxina tivo máis de 225 000 visitas, das cales 63 000 foron no primeiro mes. Unha vez posta en marcha, realizáronse diversas modificacións en base a achegas de usuarios e usuarias e actualizouse a sección Chamáronse así.

HOMENAXE A XOSÉ RAMÓN BARREIRO


O 17 de marzo de 2022, cadrando co primeiro cabodano do pasamento do historiador e presidente da institución durante case unha década (2001-2009), a Real Academia Galega rendeuulle homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández nun acto que reuniu a compañeiros e discípulos do académico e rematau cunha actuación musical da violonchelista Margarida Mariño.

A homenaxe organizouse coa colaboración do Concello da Coruña. Na apertura institucional participou tamén a Universidade de Santiago de Compostela, onde o profesor foi catedrático de Historia Contemporánea de Galicia; e o Consello da Cultura Galega, de cuxo plenario formou parte como persoeiro de prestixio durante tres décadas.

Na apertura do acto interviñeron, xunto ao presidente da Academia, Antonio López, reitor da Universidade de Santiago de Compostela, e Xosé M. Núñez Seixas, vicepresidente do Consello da Cultura Galega.

O académico e director da Sección de Historia, Ramón Villares foi o encargado de trazar o perfil biográfico do profesor Barreiro. Deseguido, o académico Pegerto Saavedra coordinou unha mesa na que participaron os seus discípulos Xosé Ramón Rodríguez Lago, Ana Romero Masiá e Emilio Grandío Seoane.

Os relatorios proferidos neste acto recóllense no presente número 383 do *Boletín da Real Academia Galega*.



**HOMENAXE DA
REAL ACADEMIA GALEGA
AO ACADÉMICO E PROFESOR
XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ**

17 de marzo de 2022 ás 17:00 horas - Real Academia Galega

Apertura institucional

Real Academia Galega
Universidade de Santiago de Compostela
Consello da Cultura Galega

O meu Barreiro
Ramón Villares

A obra de Barreiro na voz dos seus discípulos

Pegerto Saavedra
Xosé Ramón Rodríguez Lago
Ana Romero Masiá
Emilio Grandío Seoane

Actuación musical: Margarida Mariño

Sarabande da Suite III para violoncello só, Johann Sebastian Bach
Negra Sombra, Xoán Montes Capón
Lela, Rosendo Mato Hermida

Entrada libre e gratuita ata completar capacidade.

A homenaxe poderá seguirse en directo a través de academia.gal

Real Academia Galega
Rúa Tabernas, 11
15001 A Coruña
secretaria@academia.gal
981207308



COMO UN MASCATO ERGUEITO HOMENAXE A BERNARDINO GRAÑA



A Real Academia Galega dedicoulle este ano a celebración do Día Internacional da Poesía a Bernardino Graña (Cangos do Morrazo, 1932).

O venres 18 de marzo, nas vésperas da efeméride, nun acto que tivo lugar no Auditorio de Nigrán, congregáronse autores e amizades para celebrar os versos do poeta do mar. Gelria foi o grupo encargado da parte musical da celebración. A homenaxe púidose seguir en directo dende academia.gal.

A directora da Sección de Literatura da RAG, Marilar Aleixandre, conduciu o acto, organizado co apoio da Deputación de Pontevedra e o do Concello de Nigrán. A sesión arrincou coas palabras do presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, e o alcalde do Concello de Nigrán, Juan González Pérez. O académico e compañeiro de pupitre no ano 1943, Xesús Alonso Montero foi o encargado da laudatio do homenaxeado.

Os tamén membros da RAG Ramón Lorenzo e Ana Romaní recitaron versos da autoría de Bernardino Graña, xunto a Xosé María Álvarez Cáccamo, Alexandre Ripoll, Lucía Novas, Alexandre Nerium, Marta Dacosta, Elvira Ribeiro, Héitor Mera e Miro Villar. Tamén participarán no recitado Rosalía e Navia Franco Barreiro, fillas de Xosé Luís Franco Grande (1936-2020), que tiña previsto participar nesta homenaxe ao seu amigo que houbo ser posposta pola pandemia.

Como en ocasións anteriores, todos os poemas recitados neste acto recolléronse nunha plaquette editada para a ocasión.

OUTROS ACTOS E INFORMACIÓNS

19 de xaneiro de 2022. Presentación do libro *O idioma galego baixo o franquismo*

O coordinador do Seminario de Sociolingüística e vicesecretario da Real Academia Galega presentou o seu novo traballo, *O idioma galego baixo o franquismo. Da resistencia á normalización* (Galaxia, 2021), continuación da *Historia social da lingua galega* (1999), acompañado do presidente da institución, Víctor F. Freixanes, e a secretaria, Margarita Ledo Andión, e mais o director xeral de Galaxia, Francisco Castro.

3 de febreiro de 2022. Centenario de Tomás Barros

O presidente da Real Academia Galega participou na homenaxe a Tomás Barros (1922-1986) celebrada no centro educativo coruñés que leva o seu nome o día en que se facían cen anos do nacemento do pintor, escritor e académico correspondente da RAG. Víctor F. Freixanes acompañou a filla de Tomás Barros, Araceli Barros Cao, na apertura dunha xornada que contou tamén coa participación do ilustrador Suso Cubeiro e do autor teatral Carlos Clemente, encargados de profundar en distintos aspectos dunha figura poliédrica que cultivou dende as artes plásticas ata a poesía e a dramaturxia.

3 de febreiro de 2022. II Certame de relato breve *A Erbeda*

A Real Academia Galega acolleu a entrega dos premios do II Certame de relato breve *A Erbeda*, unha iniciativa que recupera o topónimo literario que Emilia Pardo Bazán lle deu ao barrio coruñés de Palavea. Xosé Nieto Castro, Ariadna Alcalde Mahía e Sabela García Santos son as tres persoas gañadoras do concurso



Presentación do libro
*O idioma galego baixo o
franquismo*

organizado pola Asociación Veciñal Os Nosos Lares coa colaboración da RAG, a través da Casa-Museo Emilia Pardo Bazán, do Concello da Coruña e das librarías Xiada, Moito Conto e Formatos.

4 de febreiro de 2022. Encontro co alcalde de Rianxo

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, mantivo unha xuntanza co alcalde de Rianxo, Adolfo Muíños. O rexedor fíxolle entrega de exemplares da edición facsimilar do poemario *Escolanía de melros* (1959) do académico correspondente Faustino Rey Romero (1921-1971), editado polo concello natal do escritor rianxeiro.

4 de marzo de 2022. Tanxugueiras deixa pegada no paseo das Palabras do Ano

O Concello de Lugo presentou a inscrición dedicada a Tanxugueiras na rúa Menorca, convertida no paseo das Palabras do Ano. O presidente da Academia, Víctor F. Freixanes, participou na visita ao paseo xunto ao responsable de Patrimonio e Cultura da Fundación Barrié, Diego Rodríguez; as propias Tanxugueiras; o tenente de alcalde de Lugo, Rubén Arroxó; e a concelleira de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua, Maite Ferreiro.

8 de marzo de 2022. O Seminario de Onomástica aproba a adaptación dos nomes da capital e doutras cidades ucraínas

O Seminario de Onomástica da Real Academia Galega aprobou na súa última xuntanza as adaptacións ao galego de varios topónimos de Ucraína. De acordo coas recomendacións internacionais e a necesaria transliteración dende o alfabeto cirílico da lingua ucraína, sancionouse *Kíiv* para o caso da capital do país, xa que é a forma máis adaptada ao sistema vocálico galego acorde coa propia denominación oficial ucraína.

20 de abril de 2022. Cincuenta anos da I Mostra do Libro Galego en Cataluña

Do 17 de maio ao 17 de xuño de 1972 tiña lugar en Barcelona a denominada I Mostra do Libro Galego en Cataluña, patrocinada pola Galería Sargadelos. Esta exposición fíxose posible grazas á colaboración de institucións como a Universidade de Santiago de Compostela, a Fundación Penzol, o Museo Carlos Maside e a Real Academia Galega. No cincuentenario deste acontecemento, a RAG lembrou a súa participación coa achega de importantes pezas. Dous días antes da inauguración, saía do prelo o catálogo que recollía as pezas expostas, cunha interesante cuberta deseñada polo artista Luís Seoane, que a biblioteca da RAG compartiu con motivo da celebración do Día do Libro.

29 de abril de 2022. O académico Manuel González recibiu o diploma de correspondente de Euskaltzaindia.

Manuel González (Mazaricos, 1951) foi recibido como membro correspondente de Euskaltzaindia. O coordinador do Seminario de Lexicografía da Real Academia Galega é o primeiro galego que se integra na Real Academia da Lingua Vasca.

29 de maio de 2022. O Seminario de Onomástica propón que o nome da parroquia carballeza de Berdillo pase a escribirse con V

A Real Academia Galega propuxo á Xunta de Galicia que recolla no *Nomenclátor* revisado un cambio de grafía no nome da parroquia carballeza de Berdillo, ata agora escrito oficialmente con B. O Seminario de Onomástica da institución determinou, logo dun demorado e completo estudo, que as atestacións gráficas históricas autorizan a propor que pase a escribirse *Verdillo*, con V. O informe realizouse a pedimento do Concello de Carballo, onde entre a veciñanza é común o uso desta última grafía.

6 de xuño de 2022. O Ministerio de Cultura premia a edición facsimilar de *Maxina ou a filla espuria*

A publicación facsimilar de *Maxina ou a filla espuria* foi un dos libros mellor editados de 2021. O Ministerio de Cultura concedeu o terceiro premio na categoría de facsímiles ao volume que reproduce o manuscrito orixinal de Marcial Valladares conservado no arquivo da Real Academia Galega. O título foi editado por Galaxia coa colaboración da RAG e o apoio da Consellería de Cultura.

6 de xuño de 2022. Homenaxe a Darío Xohán Cabana

Padrón acolleu unha homenaxe da Fundación Rosalía ao escritor, tradutor e académico Darío Xohán Cabana. O acto reuniu a familia do autor, amizades, representantes de institucións culturais e políticas e público xeral que encheron o auditorio municipal. A académica Chus Pato foi unha das persoas encargadas de falar da vida e da obra de Darío Xohán Cabana nun encontro ao que asistiron tamén o presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, e outros compañeiros da corporación. Os versos do homenaxeado soaron, entre outras, na voz da súa neta Leonor nunha celebración que rematou coa música de Fuxan os Ventos.

7 de xuño de 2022. Presentación de *Ideas para un plurilingüismo dende o galego* no Concello e Ames

A Real Academia Galega presentou na Casa da Cultura do Milladoiro *Ideas para un plurilingüismo dende o galego*, unha guía que pretende contribuír á reflexión sobre a situación sociolingüística e avoga por construír a partir do galego un plurilingüismo inclusivo, que non se limite a unha visión instrumental centrada



Visita do presidente do Senado de España, Ander Gil

exclusivamente na competencia en varios idiomas e que reforce tamén o respecto pola diversidade cultural.

Na presentación interviñeron o presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes; o coordinador do Seminario de Sociolingüística, Henrique Monteagudo; a coautora da guía e profesora de Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela, María López Sánchez; o tenente de alcalde e concelleiro de Educación de Ames, David Santomil; a concelleira de Política Lingüística, Escarlata Pampín; e o secretario xeral de Política Lingüística, Valentín García.

13 de xuño de 2022. Visita institucional do presidente do Senado de España

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, recibiu o presidente do Senado, Ander Gil, na sede da institución, no marco da visita oficial do máximo mandatario da Cámara Alta a Galicia. No encontro mantido na rúa Tabernas da Coruña, ambos os presidentes acordaron iniciar un diálogo para concretaren políticas de colaboración que incidan na promoción da lingua e da cultura galegas como parte do patrimonio común do Estado. No encontro tamén participaron a arquiteira bibliotecaria da RAG, a académica Marilar Aleixandre; o delegado do Goberno en Galicia, José Miñones; e a subdelegada do Goberno, María Rivas.

21 de xuño de 2022. A dixitalización de publicacións da RAG complétase con 177 títulos editados dende 1906

A Real Academia Galega completou a incorporación da práctica totalidade das obras que editou, dende a súa fundación en 1906, á sección de publicacións dixitais desta páxina web. As novas achegas son en total 177 títulos con preto de 37 000 páxinas que abranguen dende o primeiro dicionario da RAG (1913-1928) ata discursos de ingreso na Academia e as distintas normas da lingua, entre outros traballos. As novas dixitalizacións foron realizadas con cargo ás subvencións da

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia para a dixitalización do patrimonio cultural galego e a súa preservación e difusión en Galiciana-Patrimonio Dixital de Galicia, onde tamén poderán consultarse.

27 de xullo de 2022. Día Nacional de Galicia en Uruguai

O Padroado da Cultura Galega de Montevideo celebrou o Día Nacional de Galicia cunha conferencia do académico de honra Carlos Zubillaga sobre a presenza galega en Uruguai e coa inauguración dunha mostra bibliográfica dos seus traballos sobre este tema. O vicesecretario da RAG, Henrique Monteagudo, participou na celebración en representación da institución.

12 de setembro de 2022. I Xornadas Vasco-Galegas de Lexicografía

No mes de setembro, na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela, tivo lugar o encontro convocado polo Instituto da Lingua Galega, o Centro para Investigación en Humanidades Ramón Piñeiro, a Euskalzaindia (Real Academia Vasca) e a Real Academia Galega co obxectivo de formalizar contactos a prol de traballos comúns arredor da elaboración de dicionarios e vocabularios. Entre outras iniciativas, o coordinador do Seminario de Lexicografía e membro do comité organizador, Manuel González, e a académica María Dolores Sánchez Palomino presentaron o ambicioso proxecto de futuro o *Diccionario histórico-etimolóxico da lingua galega*. O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, participou na inauguración das xornadas xunto a Manuel González; Adolfo Arejita, secretario de Euskaltzaindia; Elías Torres, decano da Facultade de Filoloxía da USC; e Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística.



Participantes nas
I Xornadas Vasco-Galegas
de Lexicografía

16 de setembro de 2022. O alumnado do Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstolo coñece a Real Academia Galega

Tras dous cursos sen visita escolar a Galicia por mor da pandemia, o Instituto Arxentino-Galego Santiago Apóstolo volveu estar presente en Galicia. O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, recibiu o grupo de alumnos e alumnas que estaban a coñecer distintos puntos do territorio galego, acompañados polas profesoras Ángeles Sananez e Vanesa Soledad Herlein.

10 de outubro de 2022. O presidente da Xunta de Galicia visita a Real Academia Galega

O presidente da Real Academia Galega, Víctor F. Freixanes, recibiu na rúa Tabernas da Coruña, o presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda. A primeira visita do titular do Goberno galego á RAG produciuse nas vésperas do traslado da institución ás instalacións temporais do polígono de Pocomaco. O Goberno galego asumiu os custos das mudanzas, seguridade, instalación e traslados, tal e como recolle o protocolo de colaboración que asinaron Víctor F. Freixanes e Alfonso Rueda.

18 de outubro de 2022. A RAG acolle a presentación do *Cancioneiro de Buño*

“Non quero vivir en Buño, / non quero facer máis olas; / quero vivir en Barizo / que é terra das cebolas”. Con estes versos arrincaba no *Boletín da Real Academia Galega* nº 58, saído do prelo en 1911, o espazo de “Cantares populares de Galicia”. Estas dúas coplas populares son as primeiras das 84 reunidas en varios números da publicación da RAG entre ese ano e 1913, e tamén as primeiras recollidas en Malpica e seguramente na Costa da Morte. Todas elas foron escoitadas a Dolores Cancela Pérez, unha labrega de 17 anos veciña de Buño que coa súa achega facilitou que hoxe sigan a ser cantadas, interpretadas por pandeireteiras e bailadas en foliadas. A súa contribución foi obxecto de homenaxe en forma de libro, unha cuidada edición presentada na sede da Real Academia Galega nun acto que contou coa participación de máis de medio cento de alumnas e alumnos dos colexios Joaquín Rodríguez Otero (Buño) e Milladoiro (Malpica).

18 de novembro de 2022. Participación no *II Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico*

O *II Simposio Internacional Aspectos Lingüísticos do Noroeste Ibérico*, que se celebrou na Universidá d’Uviéu, contou coa participación do membro do equipo de traballo do Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega Gabino S. Vázquez Grandío, que compartiu coas persoas asistentes o proxecto que a institución está a desenvolver co Concello de Ames e os centros educativos para dinamizar o galego entre as novas xeracións. Gabino S. Vázquez Grandío participou na sesión

de lingua e sociedade na que tamén se expuxeron outras achegas sobre o galego, o asturiano e o astur-leonés.

22 de novembro de 2022. A RAG amplía a análise da desgaleguización na infancia ás actividades extraescolares, de conciliación e deportivas

A Real Academia Galega continúa a afondar na análise dos elementos que inflúen no abandono do galego das novas xeracións con investigacións cualitativas que permitan orientar de maneira efectiva as políticas lingüísticas para frear este proceso. O último estudo presentado polo Seminario de Sociolingüística confirma a importancia dos centros educativos, non só na súa faceta pedagóxica, senón tamén como primeiro contacto coa vida pública fóra da familia e contexto principal para a relación dos nenos e nenas cos seus iguais. Pero, ao mesmo tempo, chama tamén a atención sobre outros espazos como os das actividades complementarias e de conciliación e as asociacións e clubs deportivos. Os resultados recóllense no volume *Prácticas lingüísticas na infancia. A xestión lingüística nos primeiros contextos de socialización*, dispoñible en copia dixital na sección de publicacións de academia.gal.

28 de novembro de 2022. A RAG interésase polo *Informe cero da lingua de signos galega*

A Real Academia Galega participou na presentación do *Informe cero da lingua de signos galega*, presentado na Deputación de Pontevedra nun encontro promovido polo ente provincial e a Organización de Diversidade Sensorial de Galicia (Xoga). O presidente da RAG, Víctor F. Freixanes, manifestou o interese da institución, que acudiu como observadora ao encontro, por coñecer a realidade dunha forma de expresión que forma parte da identidade galega.



Presentación do volume
*Prácticas lingüísticas
na infancia*

27 de decembro de 2022. *Comadre*, elixida a Palabra do Ano 2022

O Dicionario da Real Academia Galega define *comadre* nas acepcións relacionadas co parentesco, pero na fala popular esta voz refírese tamén á veciña ou á amiga na que se ten especial confianza. Con este último significado, que lembra as mulleres que se prestan apoio para faceren fronte aos contextos adversos e que se fan tamén compañía nos bos momentos da vida, vén empregándose dende hai moito tempo. Así, *comadre* conseguiu ser unha das seis voces finalistas na votación popular promovida pola RAG e a Fundación Barrié, a través do Portal das Palabras.

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS

11 de xaneiro de 2022

Informe da Real Academia Galega sobre o galego de Asturias e a súa oficialidade na reforma do Estatuto de Autonomía do Principado

1. No Principado de Asturias hai dúas linguas propias ou tradicionais: a **lingua galega**, falada, tendo a costa como referente, entre a desembocadura do Eo e o regato do Freixulfe (no concello de Navia) e, considerando as terras interiores, entre o monte dos Teixedais de Taramundi e a serra allandesa de El Palo; e a **lingua asturiana**, falada no resto do territorio.

O vixente Estatuto de Autonomía para Asturias (Lei Orgánica 7/1981, de 30 de decembro), no artigo 4 unicamente menciona o **bable**:

1. El bable gozará de protección. Se promoverá su uso, su difusión en los medios de comunicación y su enseñanza, respetando en todo caso las variantes locales y la voluntariedad en su aprendizaje.

2. Una ley del Principado regulará la protección, uso y promoción del bable.

A *Ley 1/98, de 23 de marzo, de uso y promoción del bable/asturiano*, no artigo 1 trata o **bable/asturiano** “como lingua tradicional de Asturias”, mentres que, o artigo 2, refírese ao **gallego/asturiano** como “modalidad lingüística propia”, que na disposición adicional se denomina **gallego-asturiano**.

2. Desde os traballos pioneiros de Åke Munthe (1887) sobre a fala popular dunha zona do Occidente de Asturias e de Ramón Menéndez Pidal (1906) sobre o dialecto leonés, a tradición dialectolóxica asturiana, hispánica e románica considerou que as falas do Eo-Navia son unha variedade do galego, e non do asturiano; e esa segue a ser na actualidade a consideración xeral entre os lingüistas.

Na década de 1980, Xosé Lluís García Arias, presidente da Academia de la Llingua Asturiana (ALLA), e Ana María Cano González, membro da súa Xunta de Goberno, compartían esa opinión xeral; pero non na década de 1990, pois inciden no *continuum* de transición do Eo-Navia, interpretado como unha “terra de ninguén” cunha ambigua “lingua de transición”.

No 1983, nun texto sobre as linguas minoritarias da Península Ibérica, X. L. García Arias afirmaba que as fronteiras lingüísticas do galego e do portugués

“no coinciden con las políticas: se trata en todo caso de penetraciones hacia el oriente, siempre difícilmente deslindables, que abarcan pequeñas franjas o enclaves en Asturias, León, Zamora, Salamanca, Extremadura”; e verbo da zona asturiana estremeira con Galicia, consideraba que “aproximadamente el 4 por 100 de los asturianos son usuarios o posibles usuarios de las variedades lingüísticas denominadas por Dámaso Alonso gallego-asturiano, entre los ríos Navia y Eo”. Pero no 1997, nun artigo sobre o *continuum* lingüístico entre o galego e o asturiano, afirmaba: “La solución perfecta enxamás s’alcontrará a la hora de clasificar: los dominios d’un continuum llingüístico nun tienen lendes; namás los fenómenos llingüísticos concretos tienen la so propia frontera”.

No 1987, no *Informe so la llingua asturiana. Rapport sur la langue asturienne*, da ALLA, Ana María Cano afirmaba que “Na faza máis occidental d’Asturies, máis o menos ente’l Navia y el Eo, fábase una variedá del gallegu de Lugo, amestándose nella los rasgos gallegos colos asturianos”. Pero no 1992, nunha das entradas do asturiano do *Lexikon der Romanistischen Linguistik*, dicía que “el extremo oeste de Asturias, aproximadamente entre los ríos Eo y Navia, constituye una zona de transición, entremezclándose allí los rasgos gallegos con los asturianos”.

O material fonético e morfolóxico dos puntos do Eo-Navia do *Atlas Lingüístico Galego*, recollido en maio do 1976 por investigadores do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela e publicado na década de 1990, mostra que as falas de Asturias estremeiras con Galicia presentan máis trazos clasificables como galegos (ou galego-portugueses) que como asturianos (ou ástur-leoneses).

E o mesmo se pode apreciar nos mapas fonéticos e morfolóxicos do *Estudiu de la transición llingüística na zona Eo-Navia, Asturias ETLEN Atles llingüístico*, realizado por investigadores da Universidad d’Uviéu baixo a dirección de Ramón d’Andrés. Recollido o material nos anos 2000-2007 e publicado no 2017, conta cun número de puntos enquisados moi superior ao do ALGA.

3. O glotónimo **galego-asturiano**, co que se designa oficialmente en Asturias a variedade galega do Eo-Navia, empregouno Manuel Murguía na súa *Historia de Galicia* (1865) falando da poesía popular, e en concreto do romance:

Parece que hácia la parte de Asturias, en Rivadeo y Vega de Castropol se conservan algunos [romances], escritos en una de esas variedades del gallego, natural á nuestros pueblos fronterizos; pero nadie puede reclamarlos con justicia, puesto que Asturias podrá hacer en ello lo mismo que Galicia, y mientras

nosotros digamos que están escritos en un gallego-asturiano, ellos repetirán que en un asturianogallego, sin que pueda resolverse esta cuestión.

Quen realmente acuñou e difundiu ese glotónimo na lingüística hispánica foi Dámaso Alonso nun artigo do 1943 en que facía referencia ao “gallego de la Asturias occidental”, pero aclaraba que se trata de “una región políticamente asturiana, lingüísticamente gallega, con influjo asturiano decreciente, según se avanza hacia el Eo. Designo esta modalidad lingüística con la palabra gallego-asturiano”.

Nun artigo do 1945 referíase de novo ás falas “fundamentalmente gallegas” do extremo occidental de Asturias:

Baste hoy decir que la afirmación ya antigua de que el gallego llega, dentro de Asturias, hasta el río Navia es justísima, si bien, como es sabido, algunos fenómenos típicamente asturianos penetran al Oeste de esa línea. Estas hablas de entre el Navia y el Eo fundamentalmente gallegas, pero con algunos rasgos asturianos, las designo con el nombre de gallego-asturiano.

E nun texto do 1954, o propio Dámaso Alonso aclaraba que os concellos asturianos de Taramundi e Santiso de Abres son “en lo político, puntos asturianos; pero ya de lengua casi plenamente gallega”, por non presentaren “casi ninguno de los rasgos del que llamo gallego-asturiano”.

4. Nos últimos trinta anos, en Asturias foi deixando de usarse o glotónimo “tradicional” **bable** (ou **bables**), polas súas connotacións pexorativas (e disgregadoras), para ser substituído practicamente por **asturiano** ou **lingua asturiana**. Algo semellante ocorreu en Occitania, onde o tradicional **provenzal** foi sendo substituído por **occitano** ou **lingua occitana**.

Pola contra, no caso do Eo-Navia, tanto as autoridades políticas como as autoridades académicas do Principado, empregaron (e empregan) varios glotónimos, co que complican a situación e fan que os galegófonos eonaviegos asturianos non teñan un nome para chamarlle á lingua que falan, como se ve nestes testemuños dun traballo recente de Xoán Babarro (2021):

Eu non lle chamo nada, porque aínda non nos dixeron qué era. Dicimos “falo galego” ou “falo castellano”. Chamámoslle galego, si; porque vas a Ribadeo i oes falar igual. (A Grandela, Tapia)

A xente non lle chama nada, pero saben que falan gallego. (A Roda. Tapia)

A anterior situación contrasta cos concellos eonaviegos pertencentes á provincia de Lugo, onde non existe problema ningún para referirse oficialmente á fala propia coa súa denominación histórica, isto é, **galego**.

Despois de que a Consejería d'Educación, Cultura, Deportes y Xuventud do Goberno do Principado organizase no 1986 en Navia e na Veiga o *I Curso de lingua asturiana para enseñantes de la zona asturgalaica*, o glotónimo oficialmente máis usado foi **gallego-asturiano** e, en menor medida, **astur-galaico**.

Eses dous glotónimos aparecen no artigo 1.k dos Estatutos modificados da ALLA no 1995: “A todos los efectos la Academia de la Llingua Asturiana promoverá y velará por la variante lingüística gallego-asturiana o astur-galaica”. Na recente modificación, no artigo 2.k só se menciona o primeiro glotónimo: “A tolos efectos l'Academia promoverá y mirará pol exerciciu de los derechos de les persones qu'empleguen el gallego-asturianu. Al traviés de la Secretaría Llingüística del Navia-Eo, la institución contribuyirá a la estandarización y normalización d'esta llingua” (BOPA 79 de 27-IV-2021).

Ademais, tal como sinalan os autores do citado *ETLEN* (2017), desde hai uns anos popularizouse o glotónimo **fala** para evitar as posibles connotacións identitarias do termo *galego* na denominación (oficial) *galego-asturiano*:

Nos últimos años, a partir del términu descriptivu pa referise a la variedá local que se fala (na fala d'aquí, na nosa fala), vien popularizándose un usu inéditu de la palabra fala como glotónimu pa fuxir de les connotaciones identitarias que puidere suponer el primer términu del compuestu gallego-asturianu.

Ese glotónimo aparece no título do *Informe sobre a fala ou gallego-asturiano. Unha perspectiva histórica, social y lingüística* (2006), da ALLA. Por outra parte, a Xunta Xeneral do Principado de Asturias, o 29 de novembro do 2005, nunha declaración sobre a incuestionable asturianía social e cultural do territorio asturiano do Navia-Eo, mencionaba a **lingua asturiana** e a **fala** como parte irrenunciable do patrimonio cultural asturiano.

5. O glotónimo **eonaviego** acuñouno Xavier Frías Conde no artigo “O galego asturiano ou eonaviego: una contribución à dialectología galego-portuguesa” (1999); e empregou posteriormente ese neoloxismo, xunto con **galego eonaviego**, nun texto do 2004 en que pretende insistir na galegitude lingüística desa variedade oriental e onde evita a denominación *galego-asturiano* de Dámaso Alonso porque “trouxo e trae problemas respecto da identidade do idioma”. En Asturias, daquela, o glotónimo de Dámaso xa se estaba a empregar para se referir a unha lingua diferente da galega.

O termo *eonaviego* úsase no texto do devandito *Informe* da ALLA do 2006, a carón de *fala* e *gallego-asturiano*. E ese mesmo ano, Ana María Cano, daquela presidenta da ALLA, reivindicaba o nome *eonaviego* ou lingua do Navia-Eo como termo máis axeitado para nomear esa forma de falar, que difire da lingua do centro e do oriente de Asturias; e á vez salientaba que “Decir gallegoasturiano tiene connotaciones peyorativas” (*El Comercio*, 20/11/2006, edición dixital).

Segundo os datos da *III Encuesta sociolingüística del Navia-Eo. Avance de resultados* (2021), da ALLA, no que respecta á denominación da lingua, o 65,5 % dos habitantes da zona responden “Fala Eonaviega, que incluye sus variantes locales”. Neste apartado inclúese *Fala*, *chapurreao*, nomes locais e mesmo *Fala eonaviega*, pero non se desglosa nada para así espallar este último glotónimo, un neoloxismo recente que se quere presentar como popular na zona e así introduciolo na reforma do Estatuto de Autonomía do Principado. O 14,5 % da poboación identifica a lingua co asturiano ou bable, o 7 % co gallego-asturiano e só un 2% “prefieren denominarla Gallego”. Cómpre dicir que, no gráfico da *III Encuesta* correspondente a estas denominacións, o glotónimo *gallego* non figura, porque se agocha en “Otros”.

6. A Real Academia Galega coñeceu polos medios de comunicación que o pasado mes de setembro o presidente do Principado de Asturias achegou aos grupos parlamentarios da Xunta Xeneral un documento para a reforma do Estatuto de Autonomía, cun punto 7 relativo á oficialidade das dúas linguas propias:

Declaración de oficialidad del asturiano con un tratamiento similar para el eonaviego en su exclusivo ámbito territorial, con previsión de que una ley de la Junta General del Principado de Asturias regule el uso oficial del asturiano y del eo- naviego. Se tomará de base el artículo correspondiente del Estatuto de Autonomía de Galicia.

Á Real Academia Galega, de acordo cos seus estatutos, non lle é allea a situación da lingua galega falada nas comarcas estremeiras con Galicia, razón pola que non pode calar ante o emprego do glotónimo **eo-naviego** nesa proposta, que parece ter como finalidade facer invisible a existencia do galego na zona. Como xa se indicou máis arriba, a consideración xeral entre os lingüistas é que no Eo-Navia se fala unha variedade da lingua galega. E, conforme se fala de asturiano, sen xebra ningunha das súas variedades xeográficas, esta Academia considera que se debería facer igual co galego.

O feito de que dentro das fronteiras políticas dun país ou dunha comunidade se fale unha variedade lingüística que é continuidade da lingua falada nunha comunidade veciña, como neste caso o galego no Principado de Asturias, é algo coñecido que se repite en Europa, posto que as fronteiras políticas adoitan non coincidir coas fronteiras lingüísticas. E neses casos, que a variedade lingüística en cuestión teña un glotónimo que corresponde á lingua doutra comunidade (coma neste caso **galego**) non é motivo de ningún conflito nin de rexeitamento. Hai numerosos exemplos en Europa, coma o alemán falado en áreas de fronteira de Bélxica ou o portugués falado en zonas fronteirizas dentro de España, particularmente en Estremadura, que levan o glotónimo da lingua do país veciño, sen que esa denominación implique ningunha connotación nin diferenza na identidade nacional. Entre dúas comunidades e entre dúas linguas que comparten intereses e que deberían procurar a colaboración para buscar estratexias de futuro conxuntas, con máis razón deberían evitarse confrontacións que só conducen a desunir e a separar, e que só poden ter consecuencias negativas para os falantes destas variedades e para que os seus dereitos como falantes e como persoas sexan recoñecidos e protexidos.

A Real Academia Galega arela que o Parlamento do Principado aprobe na reforma do seu Estatuto de Autonomía a declaración de oficialidade das dúas linguas propias de Asturias, o **galego** e o **asturiano**. E que na posterior lei de uso que se prevé nese punto 7, o galego, na variedade eonaviega, sexa oficial en todo o territorio do Principado de Asturias, para que os seus falantes teñan os mesmos dereitos ca os de asturiano, como en Cataluña os teñen os falantes da lingua occitana, denominada aranés en Arán.

Con todo, máis alá da cuestión do glotónimo para designar a variedade do Eo-Navia, hai un problema que afecta a todas as variedades da lingua galega, sexa calquera a beira do Eo que se considere: a súa supervivencia, problemática no momento actual, mesmo na variedade da Comunidade Autónoma de Galicia. Non é función da Real Academia Galega intervenir en cuestións de tipo político, que son da competencia dos gobernos das respectivas comunidades; pero si é función dela lembrarlles que unha lingua é un patrimonio cultural merecente de ser salvagardado e que sería máis positivo para esa salvagarda unha política de cooperación e non unha política de confrontación.

Necrológicas

ARCADIO LÓPEZ CASANOVA (LUGO, 20/XI/1942 - VALENCIA, 11/IV/2022) /
/ Xesús Alonso Montero

BASILIO LOSADA, DE VIVA VOZ / Helena González Fernández

NÉLIDA PIÑON (RIO DE JANEIRO, 1937 - LISBOA, 2022) /
/ Ramón Villares



Arcadio López-Casanova / Xosé Castro

ARCADIO LÓPEZ-CASANOVA (LUGO, 20/XI/1942 - VALENCIA, 11/IV/2022)

Xesús Alonso Montero

A nosa institución deplora, dun xeito especial, o pasamento dun dos máis importantes homes de letras de Galicia dos últimos sesenta anos. En atención a esa alta valía, a Real Academia Galega nomeou a Arcadio López-Casanova, o 9 de novembro do ano 2013, académico de honra, loureiro que honra, non pouco, á nosa institución, na que ingresou, nesa data, cun discurso sobre Rosalía de Castro, tema no que era un dos grandes especialistas.¹ Eran moitos os méritos do ilustre profesor e investigador non só no eido das Letras galegas. Sabido é que, fóra dos nosos predios, no inmenso ámbito hispánico, a súa voz de filólogo, de verdadeiro filólogo, sentou cátedra, como rigoroso explicador de textos literarios, cando se debruzou sobre a poesía do Século de Ouro español ou sobre as páxinas poéticas de Jorge Manrique, Antonio Machado, García Lorca, Miguel Hernández, Jorge Guillén, Vicente Aleixandre e Juan Gil Albert, entre outros.

Filólogo de condición e paixón, achegouse ás palabras dos poetas, fosen galegos ou non, coa devoción e o rigor que esixe o material lingüístico co que os creadores de poesía constrúen o edificio do poema; achegouse con saber e rigor ás palabras (á Palabra), e tamén con amor, que isto é, etimoloxicamente, a Filo-loxía (amor á Palabra). Arcadio non deixa de ser filólogo verdadeiro cando, xa vivindo fóra de Galicia, en Valencia, desde 1968, fixo poesía en castelán, idioma no que publicou tres libros: *La oscura potestad* (Premio Adonais, 1978; Madrid, Col. Adonais, 1979), *Razón de iniquidad* (Premio Internacional “Ciudad de Melilla”, 1990; Melilla, Rusadir, 1991) e *Asedio de sombra* (Premio “Tiflos”, 1996; Madrid, Once, 1997).² Poemarios que recibiron tan importantes premios foron escritos, en castelán, moi desde dentro por quen, como tantos outros contemporáneos, tivo moi presente na súa vida este idioma (no fogar —urbano—, no ensino —da escola á universidade— e na profesión —docente de lingua e literatura españolas). Non

1 *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación* (2013). O volume contén, ademais da miña resposta ó seu discurso de ingreso, unha “Bibliografía” de Arcadio, elaborada, con moito coidado, por el mesmo (pp. 75-83).

2 Son os títulos que nos ofrece, e tal como os ofrece, o propio Arcadio na súa moi pensada “Bibliografía” (2013, pp. 75-76). Nela non ten en conta *Hombre último* (1961).

hai ningunha razón para que o idioma de Antonio Machado e Miguel Hernández non fose un idioma no que non estivese instalado e, desde esa instalación, poetízase auténtico e creativo. De feito, Arcadio iniciou a súa carreira de poeta cun libro en castelán, *Hombre último* (Lugo, 1961). Nomes moi celebrados da poesía de Galicia estreáronse, neses anos ou en anos moi próximos, con libros en lingua castelá, entre eles Antón Tovar, Uxío Novoneyra e Manuel María.

É certo, non obstante, que no ano 1961, Arcadio xa publicaba textos en lingua galega e era un activista moi comprometido da causa do idioma. De marzo de 1960 é o seu primeiro poema, “Intimidade”, aparecido na revista luguesa *Escritos*, modesta publicación que tamén acolleu os seus primeiros versos en castelán. Estritamente contemporáneo de *Hombre último* (1961) é a súa traxedia, de inspiración clásica, *Orestes*, publicada no outono de 1963 no número 3 da revista *Grial* (Vigo), pero lida en Santiago, polo T.E.U. da Facultade de Filosofía en Letras, o 21 de marzo de 1961. Acababa de cumprir o autor dezanove anos. Xa nos primeiros cursos da Facultade, beneficiouse Arcadio do maxisterio extraordinario e extraacadémico daquel gran mentor que se chamou Ramón Piñeiro, circunstancia da que fala o noso escritor no limiar de *Palabra de honor* (1967), o seu primeiro libro de poemas en idioma galego:

[en Compostela] onde fixen dous grandísimos achádegos; dunha banda, tomei conciencia viva e rexa da nosa lingua, de Galicia, e admirei a leición ética i o que significa fidelidade á Terra no home que considero o meu mestre: Ramón Piñeiro...

Antes de 1967, publicara Arcadio un brevísimo opúsculo, exento, co título *Sonetos da esperanza presentida* (Lugo, Ronsel, 1965). Virían, logo, libros esenciais na súa biografía de poeta e na da poesía galega daquel tempo. Ofrezco a relación dos títulos tal como apareceron na “Bibliografía” polo propio autor elaborada.

1. Poesía galega

Sonetos da esperanza presentida, Lugo, Ronsel, 1965.

Palabra de honor, Vigo, Galaxia, 1967.

Mesteres (edición bilingüe), Valencia, Lindes, 1976.

Memoria dunha edá (1960-1975), Madrid, Akal, 1976.

Liturxia do corpo, [Premio da Crítica-Galicia á creación literaria], A Coruña, Edicións do Castro, 1983.

Noite do degaro, Vigo, Galaxia, 1994.

Mesteres [1969-1983], Vigo, Xerais, 1999.

Dicir unha razón, Santiago de Compostela, Col. Follas novas, 2006.

Herdo do canto, [IV Premio Pen Club-CaixaNova] Santiago de Compostela, Arte de trobar, 2006.

Mesteres (edición bilingüe), Madrid, Cátedra, Letras hispánicas, 2010.

As voces da máscara [2007-2013] (en prensa).³

No primeiro volume propiamente dito, *Palabra de honor* (1967), o canto cívico está moi presente, se ben o coidado formal, como ten sinalado a crítica, supera, claramente, as páxinas de contido social publicadas polos poetas que estaban no ronsel de *Longa noite de pedra* (1962). Temos indicios de que boa parte das páxinas de *Palabra de honor* foron escritas antes de 1967, cando o autor era un estudante universitario entre 18 e 21 anos.⁴

O seguinte volume de Arcadio, segundo a “Bibliografía” citada, é *Mesteres* (edición bilingüe; Valencia, Lindes, 1976). Neste poemario e en moitas das páxinas publicadas en libros posteriores, Arcadio afía o rigor do seu formalismo e prodiga composicións moi próximas ós salmos e ás ladañas proféticas. Son páxinas nas que a liturxia da palabra está ó servizo da súa peculiar condición de exiliado (en Valencia) e das correspondentes señardades. Capítulos hai, en varios libros, que o noso autor titula “Mester do exilio”. A este tema dediqueille, na “Resposta” de 2013, algunhas consideracións que, minimamente retocadas, ofrezco no presente obituario.

Para entendermos o poeta en galego Arcadio López-Casanova posterior a *Palabra de honor* (1967), o lector bate, forzosamente, co libro *Mesteres*. Así se titula un volume de 1976 (Valencia, en edición bilingüe), que foi reeditado, con remodelacións, varias veces. Hai unha edición de 1999, magnificamente prologada por Román Raña,⁵ e outra, cun prólogo esclarecedor de Xesús Rábade Paredes, autor tamén da versión castelá, un prodixio de tradución.⁶ Estamos ante un ciclo poético que, dalgunha maneira, non se clausurou e xa comezara en 1976 co breve volume *Memoria dunha edá* (1960-1975), onde hai capítulos como “Mester da Terra”, “Mester do poeta” e “Mester da palabra”, só atribuíbles ó peculiar universo literario de López-Casanova, singular onde os haxa. Tamén nos ofrece, pero non por primeira vez, un “Mester do exilio”, unha obsesión que, en Arcadio, devén un manancial de desacougante poesía.

3 Este poemario publicouno o PEN Club en 2014, a mesma institución que publicou, en 2019, *Diario da Casa Grande*.

4 Véxase a ficha n.º 1702, na sección 55 (Inéditos), de *Cen anos de literatura galega. Catálogo da exposición bibliográfica (9-12-1963 / 19-12-1963)*, obra de Xesús Alonso Montero e Epifanio Ramos de Castro (1964, p. 76), organizadores da mostra bibliográfica de 1963. A ficha consigna estes datos: López-Casanova, Arcadio.- *Palabra de honor* (1960-1963).

5 É a de Xerais.

6 É a de Cátedra, de 2010.

A vivencia do exilio nace en Arcadio no ano 1968 cando as circunstancias profesionais o transterran a Valencia, onde Arcadio López-Casanova decide continuar ata despois da xubilación profesional, a de catedrático de Literatura da Universidade daquela cidade. Non é un desterro forzado, como o de Luís Seoane, quen, como poeta, abordouno nun libro moi coñecido, *Fardel de eisilado*. Agora ben, a poesía exílica de Arcadio é tan radical que cómpre sospeitar que o seu peculiar transterramento é a anécdota da que parte o poeta —quizais non o cidadán— para asomarse ó piago da existencia onde os seres humanos, residan onde residan, perderon a patria, a infancia, as cántigas de berce, e viven, orfos, desgarrados e lonxe, moi lonxe, do que deberan ter.

Con mellores palabras refrese a este universo o propio Arcadio nunca coñecida “Autopoética” (1990, p. 137).

Segundo teño xa comentado en moi diversas ocasións, entendo que o foco motivador de todo o meu mundo poético —se, de certo, a miña obra acada un artellado sistema— está na vivencia e na representación da *desfeita*, i.e., da *desgracia* ou *des-posesión* como identificadores do humano vivir. Sucede, nembargantes, que en cada ciclo e no seu mesmo desenvolvemento esa *desposesión* queda contemplada dende perspectivas distintas (e complementarias). Así, do ámbito da infancia perdida e o espazo mítico do meu Páramo lugués que aparecen nos poemas “adolescentes” de *Palabra de honor*, xa en *Mesteres*—dez anos despois, e coa experiencia da saída de Galicia—, esa *desfeita* convértese nun total e alucinante *espectáculo de destrucción* coa imaxe simbólica do *exilio* como eixo fundamental.

Convén, nesta altura, volver á anécdota biográfica de 1968, recién gañada por Arcadio a cátedra de Literatura co destino a un instituto de Valencia. Anécdota que, neste caso, non é difícil elevar a categoría, se se me permite a cita d’orsiana. Pois no mundo da categoría está a decisión de Arcadio, do cidadán e do poeta, de afincarse nese espazo mediterráneo onde a súa cosmovisión, que é a das “desfeitas” (esta é a súa palabra) nútrese, tamén, da experiencia exílica. Chegados aquí, quizais sexa útil descender da categoría e volvermos á anécdota, pois sinxela anécdota biográfica é conseguir un destino profesional nun espazo que está na nosa man non perpetuar. Unha obra poética tan rica e poderosa como a de Arcadio, escrita fóra dos lares patrios e sempre comprometida co lume deses lares, esixe do biógrafo algunhas indagacións. Xa se facían en 1968, en 1969, en 1970... nos cenáculos do país, faladoiros case sempre proclives á imprecisión e ás conxecturas, algunhas delas, que Arcadio non era debidamente recoñecido, que Arcadio perdera o agarimo vivificante da familia intelectual que o acollera anos antes con

fervor, que Arcadio se sentía incomprendido, que fora preterido nun importantísimo certame literario⁷ etc. etc.

Aquí as cousas, non me poden subtraer á evocación dun episodio na andaina final da vida de Rosalía de Castro, episodio que é máis que unha anécdota. Refírome a aquela carta súa, de 1881, na que lle comunica a Murguía, ó seu home, que nunca volverá escribir en idioma galego. É así foi, pois tres anos despois publica, en castelán, o libro *En las orillas del Sar*, libro de poemas, por certo, extraordinario. Un ano despois, en 1885, Rosalía enmudecía para sempre. Que é o que suscitara a dimisión de Rosalía, se se me permite un substantivo tan serio? Algo que, cos nosos datos e desde a nosa perspectiva, tiña moi pouca entidade: os comentarios desfavorables, na prensa galega, a un artigo seu sobre un estraño costume aínda existente en Galicia. Hoxe sabemos que aquela media ducia de plumíferos estaban moi lonxe de representaren o que a intelectualidade galega de 1881 pensaba de Rosalía, xa admirada daquela, cando non venerada, en certos sectores da nosa sociedade. Hoxe diríase que a reacción de Rosalía foi desproporcionada.

Arcadio, *mutatis mutandis*, cuestionado ou silenciado por outros plumíferos, procedeu doutro xeito, moi distinto. Nunca renunciou á Idea, ou sexa, á causa da galegitude, e nesa causa estaba o idioma, que seguiu cultivando, enriquecendo, perfeccionando, non só na súa obra de poeta senón na de estudoso dos principais feitos e autores do noso acontecer literario. Nesa obra, especialmente na poética, hai, en ocasións, controversias con Galicia ou con algunha das Galicias pero nunca dimisión. Non esquezamos que Arcadio é, tanto en *Mesteres* como noutros libros, poeta da menesterosidade como o foi Hölderlin, tan ben lido por Celestino Fernández de la Vega, un dos mentores lugueses de Arcadio. A Celestino dedícallo, precisamente, a primeira entrega do “Mester do esilio”, a de 1972, onde o desterro —o seu desterro?— se formula, maxistralmente, nestes termos:

e con muller e fillos deixa atrais a Casa,
 pon as duras tabasas nas portas e nas fiestras,
 garda o pan i o viño na artesa dos ofrecimentos,
 entrega froito, cortello, gando, gándaras fronte ao mar, praias de pacencia pró
 [corazón,
 campás e campas, altas searas do mencer, caivancas do solpor,

7 O Premio de poesía galega “Rosalía de Castro”, convocado en 1967 polo Ministerio de Información e Turismo (Madrid), que dirixía Manuel Fraga Iribarne. O xurado estaba constituído por Carlos Robles Piquer (director xeral do Libro), Xesús Alonso Montero, Ricardo Carballo Calero, Xesús Ferro Couselo, Sebastián Martínez Risco e Isidoro Millán González-Pardo. O premio recaeu no libro de Xosé Luís Franco Grande *Entre o sí e o non* (Galaxia, 1967), e foi finalista o libro *Non* de Antón Tovar (Ourense, 1967), con dous votos. O xurado, nas deliberacións, gabou o libro de Arcadio, *Palabra de honor* (Galaxia, 1967) e o de Salvador García-Bodaño, *Ao pé de cada hora* (Galaxia, 1967). Véxase López-Casanova (2013, p. 56).

e letra de bronce e alianza dá no seu testamento de vivo,
 aí, atrais, estatua de sal,
 e volve, e camiña, e durme, e prega
 i en cada cruceiro do mundo oficia aquel viacrucis do Templo.

Arcadio, que reside na luminosidade do Mediterráneo, trasládase, como poeta, ás gándaras e ás caivancas do país deixado, e recolle palabras nunca esquecidas e decote agarimadas: artesa, cortello, campás, searas... Diante destes nove versos, un ten que darlle de novo a razón a Heidegger. En efecto, a linguaxe, a palabra, é a casa do ser.

Tamén o son, na pluma de Arcadio, cando escribe en castelán. Non sei, entre nós, dun caso igual de bilingüismo, de bilingüismo auténtico, sen artificios, nin en galego nin en castelán. Arcadio estreouse como poeta en lingua castelá (*Hombre último*, 1961) cando xa facía incursións no eido da poesía galega, idioma que non era, naquela altura, nin o das lecturas, nin o das aulas, nin o dos estamentos titulados nin o da casa. Escribir en galego significaba, no seu caso e en tantos outros daquel tempo, antes que unha lóxica expresión literaria, un compromiso cívico, compromiso que, xa asumido, implicaba deberes de aprendizaxe e vontade fonda de chegar a sentir o código lingüístico escolleito como lingua de instalación. Só nestes casos a lingua do poeta, do escritor, a percibimos como auténtica.

Agora ben, non hai argumentación filolóxica de ningún tipo que cuestione a elección idiomática de Arcadio cando en Valencia, no ano 1976 ou 1977 escribe *La oscura potestad*, poemario co que consegue, en 1978, o Premio Adonais, vello e prestixioso galardón literario. O mesmo acontece cando elabora *Razón de iniquidad*, co que obtivo o Premio internacional “Ciudad de Melilla” en 1990, ou cando redacta *Asedio de sombra*, co que gañou o Premio “Tiflos” en 1996.

Convén, para entender, reparar nalgúns datos lingüisticamente maiúsculos e moi significativos, entre outros no feito de que para Arcadio, como para tantos de nós, a súa formación cultural escolar e extraescolar foi en castelán, e en castelán, durante décadas e fóra de Galicia, realizouse profesionalmente impartindo nas aulas saberes lingüísticos e literarios. Como lingua de cultura, como lingua literaria, non posúe outra na que estea mellor instalado, e vai ser nesta lingua, nun exercicio prodixioso de riqueza e de autenticidade, na que decide comparecer como poeta en xeografías extragalegas. Malia os premios, os importantísimos premios, Arcadio, como poeta en castelán, non chegou ós lectores non profesionais de poesía, o que se debe, en parte, penso, ós prexuízos en España dos axentes valoradores e canonizadores cando de escritores bilingües se trata.

Pero Arcadio, poeta castelán en ocasións, cultiva a lingua galega, á beira do Mediterráneo, sempre. No Mediterráneo segue a enriquecela e perfeccionala con

recursos que fan, da súa voz, a máis singular do discurso poético desde 1976, o ano de *Mesteres*. *Mesteres* e *Con pólvora e magnolias*, de Méndez Ferrín, mudaron, en opinión dalgúns críticos, o rumbo da poesía galega. Desde hai tres anos circula polas librerías unha edición bilingüe de *Mesteres*, coa tradución, exemplar sempre, de Xesús Rábade Paredes. Pese a isto e ó prestixio filolóxico da editorial, Cátedra, temos a sospeita de que os “lletraferits” casteláns comúns non se achegaron a este poemario, que, mesmo na versión castelá (feita por un poeta) debería deslumbrar, como di un crítico, polas “fórmulas litúrxicas, as múltiples variantes reiterativas, as salmodias, a sucesión de profecías apocalípticas [que] constrúen unha visión complexa e desbordada, barroca, da destrución” (Vilavedra 2000, p. 309).

O Arcadio López-Casanova que hoxe evocamos neste artigo, un ano despois do seu pasamento, foi, en efecto, un poeta relevante e esencial no discurso literario galego dese período, pero foi, nese tempo, dentro e fóra de Galicia, o autor de libros e traballos moi esclarecedores sobre voces significativas da poesía en lingua galega e da poesía castelá do XIX e do XX. Como poeta e comentarista de poemas, temos que pensar en nomes como o de Dámaso Alonso ou o de Carlos Bousoño para encontrarmos precedentes claros dese dobre e eficaz labor. Por certo, os estudos de Bousoño e de Dámaso están, moi claramente, na formación do noso comentarista. Cando un poeta de verdade se mergulla nas augas fondas e lamacentas dun poema, regresa desa viaxe con trofeos negados a moitos críticos que non son poetas. Non é unha lei xeral, unha lei que se cumpra sempre, pero o poeta que exerce de filólogo case sempre fai unha Filoloxía máis sutil.

Ninguén, na historia das Letras galegas, é autor dunha obra tan importante e orixinal como estudoso dos recursos da poesía ou, dito doutro xeito, dos elementos significativos dos textos poéticos a partir dos cales un entende mellor a gramática interna dos poemas e a cosmovisión dos seus autores. Destas indagacións, cos alicerces na mellor Estilística, benefíciáanse, entre outros, Rosalía de Castro, Curros Enríquez, Eduardo Pondal, Ramón Cabanillas, Roberto Blanco Torres, Eduardo Blanco-Amor, Luis Amado Carballo, Luís Seoane, Celso E. Ferreiro, Álvaro Cunqueiro, Luís Pimentel e María Mariño. Algúns destes nomes foron obxecto de varios estudos, como se consigna na “Bibliografía” que vimos cintando.

Cómpre engadir que o Arcadio analista de textos poéticos galegos, xa antes se debuzara “in extenso” sobre dúas grandes voces poéticas do universo castelán, Antonio Machado e Miguel Hernández. Quen lea un libro fundamental seu, *Poesía. Teoría, método de análise y práctica textual*, de 1982, decatarse da pericia coa que descobre as peculiaridades estilísticas de moitos outros poetas, de Garcilaso a Blas de Otero, de Góngora a Juan Ramón, de Quevedo a Ángel González, de Carlos Bousoño a José Hierro. Hai anos este libro érao de cabeceira de moitos opositores a cátedras que tiñan que enfrontarse, nun dos exercicios, ó comentario

de textos;⁸ pois ben, nesta especie de manual, o noso analista tamén lle dedicaba páxinas clarificadoras á cantiga de Mendiño, ó soneto con falda de Gómez Tonel, a un soneto de Iglesia Alvariño e a varios poemas do seu amado Luís Pimentel. O noso eséxeta tamén examinaba versos de *La pell de brau*, de Salvador Espriu. Moitos opositores, logo profesores, atoparon nese libro de consulta a pista de que no espazo románico español a súa condición trilingüe cumpría tela en conta.

Arcadio é un investigador literario, no eido do que, habitualmente, chamamos Estilística, cunha obra sólida e perspicaz desde 1982 dentro da Hispanística.⁹ Foise formando na lectura atenta da poesía, na relectura dos clásicos da materia (de Jacobson a Dámaso Alonso) e no diálogo cos seus alumnos extragalegos, beneficiarios, en ocasións, dos seus saberes en poesía galega. Mentres, tantas veces, só estaba atento, como profesor e como autor de comentarios, ós poetas de lingua castelá, aló no obradoiro valenciano das súas lecturas e meditacións estilísticas foi recollendo e seleccionando textos poéticos en lingua galega para aplicarlles, na madurez da súa formación, a devoción de lector e a súa sabedoría como esculcador das particularidades lingüísticas que converten unhas palabras máis ou menos comúns en texto de poeta. Os poemas escolleitos van desde o século XIII a hoxe mesmo. Estou a presentar o volume publicado pola editorial Galaxia hai 22 anos, en 2001, co título *Diccionario metodolóxico de análise literaria. I. A poesía. Textos líricos galegos da Idade Media ós nosos días*.

As disciplinas lingüístico-literarias nunca produciron un traballo destas características se temos en conta que ese saber lingüístico-literario ten como obxectivo explicar textos líricos formulados en lingua galega: textos de sesenta e cinco poetas do XIX e do XX e textos dos máis coñecidos trobadores do XIII e do XIV. Poetas hai, tanto modernos como antigos, dos que o autor do singular e exhaustivo *Diccionario* examina dous ou máis poemas. Que valiosa e pedagóxica ferramenta ten nas súas mans o profesorado de literatura galega de secundaria (e tamén o das Facultades de Filoloxía)! Non sei se nos 22 anos transcorridos desde que se editou, o profesorado ten utilizado na aula este didáctico instrumento coa debida intensidade. En calquera caso, teño noticias moi pouco positivas. Por outra parte, o silencio da crítica ten sido clamoroso: non hai noticia de que o *Diccionario* suscitase, nos xornais ou nas revistas, unha recensión digna de tal nome. O profesor López-Casanova terá que volver, quizais, ó mester do exilio.

8 Quen consulte a “Bibliografía” decatarse de que o libro de Arcadio (e de Eduardo Alonso) titúlase *Poesía y novela. Teoría, método de análisis y práctica textual*. Das 620 páxinas do volume, 421, de Arcadio, refírense á poesía, e o resto, de E. Alonso, á narrativa.


9 Quizais debería dicir desde 1975, data na que os mesmos autores publicaron un volume moito menos groso (*El análisis estilístico. Poesía/Novela*). As páxinas de Arcadio preludian as de 1982. Nesta “primeira edición” coméntanse versos de Martín Codax, non tidos en conta na segunda.

Impresionan as análises de textos líricos que van de Mendiño a Rosalía, de Cabanillas a Luz Pozo, de Gómez Tonel a Franco Grande, de Martín Codax a Carballo Calero, de Fernández Torneol a García-Bodaño, de Luis González Tosar ó autor dos *Versos satíricos ó xeito medieval*. Neste océano textual, o analista detecta e define máis de trescentos recursos poéticos, algúns tópicos, como a metáfora, a diloxia ou o soneto, e outros sorprendentes, como o símbolo actorial, o braquistiquio, a efonese, a patopea ou o imaxinema. Termos hai que o propio Arcadio ten definido ou matizado. Entre eles, eu salientaría dous: macrotexto e cancionero. Sobre o primeiro termo publicou Arcadio, anos despois, en 2007, unha suxestiva monografía co título *Macrotexto poético y estruturas de sentido* na que estuda, a beira de tres poemarios casteláns (*Diario de un poeta recién casado*, de Juan Ramón, *El rayo que no cesa*, de Miguel Hernández, e *Historia del corazón*, de Vicente Aleixandre), dous poemarios escritos na nosa lingua (os *Seis poemas galegos*, de García Lorca, e *Viaxe ao país dos ananos*, de Celso E. Ferreiro). Unha vez máis, o profesor López-Casanova ofrece, desde unha editorial extragalega, un volume no que importantísimos poemarios casteláns son dilucidados á beira de importantes poemarios escritos en lingua galega. De novo, Arcadio López-Casanova senta cátedra, con visión rica e orixinal, de profesor de poesía hispánica. Nesa cátedra, determinados textos galegos ocupan un posto relevante.

Hai un ano, cando Arcadio López-Casanova estaba na súa mellor madurez intelectual, as circunstancias apagaron para sempre a súa voz de poeta e de filólogo. O 11 de abril do ano 2022 chegoulle, en Valencia, a hora do seu exilio definitivo. Esa data foi un día de loito para a Poesía e a Filoloxía, dous mesteres, dúas causas, nas que foi un mestre honrado e apaixonado.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Alonso Montero, Xesús e Ramos de Castro, Epifanio (1964). *Cen anos de Literatura Galega: Catálogo da Exposición Bibliográfica celebrada no Círculo de las Artes de Lugo. 9-19, decembre de 1963*. Lugo: Círculo de las Artes de Lugo, Instituto de Estudios.
- López-Casanova, Arcadio (1990). Autopoética. *Boletín Galego de Literatura*. 4, 137-140. <http://hdl.handle.net/10347/1699>
- López-Casanova, Arcadio (2013). *A modernidade poética de Rosalía: unha interpretación*. A Coruña: Real Academia Galega.
- Vilavedra, Dolores, coord. (2000). *Diccionario de Literatura Galega*. III. Obras. Vigo: Galaxia.



Basilio Losada / Xosé Castro

BASILIO LOSADA, DE VIVA VOZ

Helena Gonzalez Fernández

Basilio Losada, primeiro catedrático de Literaturas galega e portuguesa na Universidade de Barcelona, foi recoñecido dúas veces como académico pola Real Academia Galega. Nomeárono axiña académico correspondente, en 1969. O galeguismo largaba o aparello para pescar complicidades nas augas revoltas e intensas do tardofranquismo e con este recoñecemento dáballe un pulo á traxectoria universitaria e intelectual de Losada. Contento no seu papel de ponte cultural e axente de escritores cando isto non era unha profesión, o seu despacho na universidade converteuse na embaixada cultural de Galicia, e logo do Brasil e Portugal. Nos últimos anos da súa vida, cando estaba máis dedicado á tradución e ás conferencias, particularmente se o reclamaba a comunidade emigrante, noméano académico de honra da Real Academia Galega, unha das moitas homenaxes que felizmente recibiu en vida. Foino desde 2015 ata o seu pasamento en Barcelona, o 9 de xullo de 2022.

Nacer, nacera na Idade Media, dicía el, na Pobra de San Xiao, un 20 de xuño de 1930, quince anos despois que o seu veciño lancarao Ramón Piñeiro, quen, co seu mestrado socrático, contribuíu de maneira decisiva ao modelado no activismo galeguista daquel xa non tan mozo, que antes entrara en contacto con Xaime Isla e con Francisco Fernández del Riego. A demorada conversa epistolar comeza en 1961 por un intercambio de libros. Piñeiro mandáralle *Lanza de soledá*, de Aquilino Iglesia Alvariño, e mais as *Memorias dun esquelete*, de Castelao. Losada, querendo corresponder, ofrécéselle para enviar libros que “non chegan a Galicia”, títulos de matute para lecturas clandestinas ou libros que só se atopaban nas librerías anticuarias. Naquela altura, Losada traballaba na Academia Suíza e xa fora profesor dun veciño seu do barrio do Raval, Manuel Vázquez Montalbán, tamén fillo de emigrantes lancaraos, da parroquia de San Xoán de Muro. Daquela, no Centro Galego de Barcelona (CGB) un grupo de mozos pensaba Galicia con tanta saudade coma compromiso. Dese sentimento naceu unha consciencia que os levaría a ofrecer as primeiras clases de galego. Durante a presidencia do fiscal e escritor Manuel Casado Nieto, asumiu o cargo de secretario do Centro, un lugar mellorado para participar de maneira activa na divulgación da cultura. Nese espazo das Ramblas prende a súa paixón pola cultura galega, que trenzará con traballos diversos para editoriais de Barcelona,

como Caralt ou Noguer, e mais coa docencia na Universidade de Barcelona. En 1975 defende a súa tese de doutoramento sobre Rosalía de Castro, unha escritora que o acompañará ao longo dos anos e á que volveu na súa derradeira lección no ano 2000. Podería ter elixido calquera outra das súas leccións célebres sobre: Fernando Pessoa, o Brasil de Jorge Amado, a lírica medieval, a poesía galega, a arte románica, o camiño de Santiago, Meendiño, as *vanguardas dos pobres*...

A súa intensa actividade como publicista da literatura galega convérteno de seguida en antólogo e crítico de referencia da poesía, o que lle permitirá ter contacto directo con poetas de diversas xeracións. Co seu mestre Luís Seoane comparte o interese pola lírica, a emigración e as artes visuais nas moitas viaxes que o pintor facía a Barcelona. De Celso Emilio Ferreiro, con quen aparece nunha foto ben divertida en Venecia, coas cabezas no medio das pombas a voar, preparou a edición bilingüe galego-castelán de *Longa noite de pedra* (José Batlló Editor, 1967). Este libro converteuse nun fito da chamada poesía social e acadou seis edicións en nove anos.

Ao longo do seu percorrido profesional fixo grandes e pequenos traballos sobre a literatura galega nun período no que cumprían cantas mans houber para lexitimala e divulgala en Galicia e Cataluña, en galego ou castelán. E aínda lle sumou as literaturas en portugués. Acompaña a entrada no mercado editorial en castelán de grandes autores como Jorge Amado e José Saramago, amigos seus; tamén Rubem Fonseca, Rachel de Queiroz, Virgílio Ferreira ou José Cardoso Pires. Publica, atención á cifra, case cen traducións de obras literarias do Brasil, Portugal e África. E ademais unha boa presada de traducións desde o galego, o catalán ou o francés. Preparou entradas para enciclopedias, panorámicas, artigos para xornais e limiares para libros diversos. Escribiu infatigablemente crítica literaria apoiando voces novas, participando nos xurados de premios e aínda como editor da colección de poesía Leliadoura, que un emigrante en Barcelona, Olegario Sotelo Blanco, puxo nas súas mans sen condicións e onde contou coa complicidade de Xesús González Gómez. En Leliadoura escribe aqueles prólogos que definen o seu estilo característico: abre cunha afirmación inicial que logo vai petelando entre detalles e xiros inesperados. Cada peza, unha sumaria lección de poesía na que foxe do rigor do entomólogo para pór en valor a beleza, a emoción e o misterio da lírica. Neses limiares reconécese o estilo oral do reconecido profesor e conferenciante pero sobre todo a fondura dun lector atento.

A súa capacidade para a fabulación e o seu humor eran a súa tarxeta de presentación. Un dos dous amigos que alimentaron máis e mellor esa faceta súa foron o brasileiro Jorge Amado, a miúdo acompañado da súa compañeira, a escritora Zélia Gattai. O outro, Carlos Casares, que visitaba habitualmente a cidade. Losada e Casares sempre atopaban un oco entre as viaxes dun e doutro para as súas xustas

de narrativa oral, un ir e vir de contos que debían cumprir coas condicións de ter humor e un final con xiro imprevisto. A miúdo eran xustas privadas, reservadas para a mesa do restaurante, porque os dous gozaban por igual dos praceres da mesa e da conversa. Algunha vez o combate foi en público. Moitas outras tiveron lugar no espazo común da Sección de Filoloxía Galaico-Portuguesa onde asistimos como público privilexiado ao pracer de narrar. Tiñamos entrada dobre: torneo e mais adestramento. Porque Basilio entre clase e clase aínda atopaba o tempo para probar connosco un novo conto, unha variante, un xiro... que lle permitise acadar a peza definitiva. Na necrolóxica de Casares, Losada escribe unha frase que se lle pode apoñer a el mesmo. Dicía que “poida que unha parte importante da súa obra non a poidamos ler endexamais: era literatura de viva voz”. Este oficio oral callou en dúas ficcións de encargo: o conto “Ero de Armenteira” e a novela *La Peregrina*, con limiar de José Saramago. A ambientación da ficción reunía dúas paixóns de Losada: a Idade Media e o camiño xacobeo.

Nos tempos nos que as universidades publicaban grandes volumes de homenaxe cadrando coa xubilación dun profesor, Isabel de Riquer, Elena Losada e mais eu coordinamos o volume *Professor Basilio Losada. Ensinar a pensar con liberdade e risco* (Publicacions de la Universitat de Barcelona, 2000). Ábrese cunha reunión de amigos: notas e ficcións biográficas de Vázquez Montalbán, Fernández del Riego, Xosé María Álvarez Cáccamo, Suso de Toro... E retratos de Luís Seoane, Prego e Siro López. Moito lle prestou aquela caricatura na que o Siro o debuxa coma un demo detrás dun atril coa man detrás da orella. Andaba xa algo xordo.

Xesús Alonso Montero foi testemuño, terra por medio, do labor de Basilio Losada. Del escribiu algunhas biografías atentísimas e xenerosas que teñen o inmenso valor por compartiren os dous o mesmo tempo desde as lóxicas e inevitables distancias. Aparecen no devandito volume de homenaxe, na resposta ao nomeamento como académico de honra, e nas utilísimas notas repenicadas que fixo cadrando co pasamento de Losada. Pois ben, esas biografías e mais o epistolario con Piñeiro, *Do sentimento á conciencia de Galicia (1961-1984)* (Galaxia, 2009), que editamos María Xesús Lama e mais eu, descubren un *lletraferit* irrepitible que soubo axeitarse aos retos dos tempos. Mentres seguía tomado polo prodixio.

Dr. Losada para os seus discípulos na universidade, Basilio para toda a tropa de galego, a súa memoria queda tamén nun lugar e nun obxecto. O lugar é o Patio de Letras da Universidade de Barcelona, que atravesaba cada día, mesmo antes da alborada, camiño do seu *scriptorium*, onde os libros medraban en vertical, fora en pillas descoidadas ou dispostos en columnas rexas de papel. Naquela foresta escoitaba música, lía, traducía, conversaba e enfiaba os seus textos na máquina de escribir, un trebello que seguiu usando cando xa se convertera nun obxecto preterito. O son das trécolas resoando no Patio de Letras era outro xeito de escoitar a Basilio Losada, de viva voz.



Nélida Piñón / Moncho Fuentes

NÉLIDA PIÑÓN (RIO DE JANEIRO, 1937 - LISBOA, 2022)

Ramón Villares

No ano 2014, a escritora Nélide Piñón ingresou na Real Academia Galega, na calidade de académica de honra, nunha sesión na que pronunciou un discurso no que ficaban ben claras as súas raíces galegas, ata o punto de que lle permitiu considerar a súa vida literaria como resultado dunha dupla identidade, galega de orixes familiares e brasileira de sistema literario. No seu discurso argumentou ao seu favor o peso *dunha épica do corazón*, que debía confrontarse coa épica da convicción forxada na súa educación cultural no Brasil. Na resposta que tiven a honra de lle dirixir insistín no feito inspirado nun texto de Valentín Paz-Andrade que, mediante aquel ingreso, a escritora estaba a retornar desde o “paraíso” brasileiro á “fonte” nutricia da cultura popular e milenaria da terras dos seus devanceiros. Ela mesma se definiu naquela ocasión como unha nena “brasileira” en Cotobade e unha moza “galega” no Leblon carioca, “brasileira recente” cando se incorporou á Academia Brasileira de Letras e, desde que ingresou na RAG, como xa adiantara o seu libro *Coração andarilho*, posuidora “duma dupla cultura que arrasto comigo, brasileira e galega”.

A súa educación literaria foi propiamente brasileira, como escritora que narraba con preferencia a “vida requintada” de influencia europea, pero sen esquecer a forza “rude” e virxinal da tradición americana. Ambas as vidas forman un río de gran caudal que ela asume como o seu sinal de identidade e, en certo modo, como un estandarte co que presentar ao mundo enteiro a orixinalidade da cultura brasileira, mestiza e plural. Desde os clásicos grecolatinos ata os grandes autores europeos de Cervantes a Dostovieski, chegando ao seu amado Machado de Assís e a máis contemporáneos como Clarice Lispector ou Jorge L. Borges, a enteira literatura europea e americana corría polas páxinas dos seus libros. O proceso de creación literaria de Nélide Piñón tivo diversas fases vitais e intelectuais. Pero se algo sobrancea na súa carreira literaria é que a intensidade creadora e a repercusión pública da súa obra foron *in crescendo* desde os primeiros relatos ata os últimos textos, algúns tamén de trazo autobiográfico. Na década dos sesenta

ten lugar o seu ingreso no campo literario brasileiro con varios romances e libros de contos, como *Guia-Mapa de Gabriel Arcanjo* (1961), *Madeira feita cruz* (1963), *Tempo das frutas* (1966) e *Fundador* (1969), textos que viñeron a lume en casas editoras modestas e que, malia recibiren algúns premios e teren boa acollida entre os seus pares, apenas lograron chegar a un público masivo.

Foi na década dos setenta cando comezou a despegar claramente a súa carreira literaria, coa aparición d'*A casa da paixão* (1972), escrita durante unha longa estancia académica nos Estados Unidos, e, moi axiña, de *Tebas do meu corazón* (1974), resultado dun axuste de contas cunha crise existencial que coincide cun período de forte opresión cultural da ditadura militar brasileira, moi radicalizada a partir do ano 1968, como reflicte Tobías, fillo de Madrugá, n'*A república dos sonhos*. Nos anos setenta a nosa académica toma unha decisión fundamental: instalarse en Barcelona, da man da axente literaria Carmen Balcells, e pasar a formar parte “de aqueles años del boom” literario encabezado por García Márquez, Vargas Llosa e outros escritores latinoamericanos, no que Nélida Piñon era a “única brasileira del grupo” e, por tanto, “la brasileira del boom”, como relatou Xavi Ayén. Así como de nena viñera a Cotobade en viaxe ás fontes da Arcadia familiar, ela confesa que, nos anos setenta, “vin tentar as Américas en Barcelona”, nun camiño inverso ao andado polos seus familiares, como lle confesou á súa estudosa Carmen Villarino.

De retorno no Brasil, adquiriu un maior compromiso público na vida cultural e política, que loitaba por crebar as cadeas da censura e da represión exercida polo goberno dos xenerais Ernesto Geisel e João Baptista de Figueiredo. A consagración da nosa autora non chegaría, con todo, ata os anos oitenta, coa publicación da súa obra máis ambiciosa, *A República dos Sonhos* (1984), escrita con intensidade e paixón durante dous anos e na que a autora se baleirou totalmente, nunha tradición ben brasileira de antropofaxia literaria: “eu me carbonizei nesse libro. Tudo que eu sabia, pus aí”, diría ao pouco tempo nunha das numerosas entrevistas que concede para o lanzamento da obra. A partir deste momento, que coincide co devalo da ditadura e cunha progresiva recuperación da democracia política despois da campaña das “Diretas Já”, a figura literaria e intelectual de Nélida Piñon non deixou de medrar de forma constante ata os nosos días, coa publicación de varias obras de ensaio, de creación e de memorias (*A doce canção de Caetana*, 1987; *O pão de cada día*, 1994; *Vozes do deserto*, 2004; *La seducción de la memoria*, 2007; *Aprendiz de Homero*, 2008; *Coração andarilho*, 2009; *O Livro das Horas*, 2012).

É nesa altura cando se produce tamén a súa consolidación dentro do sistema literario brasileiro, co seu ingreso en 1990 na Academia Brasileira de Letras, na que accedeu ao cargo de presidenta durante o ano 1996, que cadrou co primeiro centenario da institución. Prestixio interior que tamén se estende ao recoñecemento internacional, coa obtención de numerosos premios e honras

académicas e literarias, das que mencionarei como máis relevantes o Premio Juan Rulfo de Literatura Latinoamericana (1995), o Premio Príncipe de Asturias das Letras (2005), así como diversos doutoramentos *honoris causa* concedidos por universidades de Francia, España, México, Canadá e dos Estados Unidos de América. A súa última grande obra foi *Um dia chegarei a Sagres* (2020), unha homenaxe á xeración portuguesa daqueles “altos infantes” que pilotaron a expansión ultramarina de Portugal nos anos finais do século xv.

Neste perfil non se pode deixar á beira a condición galega de Nélida Piñon, tanto por orixes como por educación familiar. Os seus devanceiros procedían das terras de Cotobade, na retroterra da capital pontevedresa, a onde retornou de nena para vivir alí dous anos que a marcaron de por vida. Pero ela naceu e foi criada no seo dunha familia de inmigrantes galegos afincada na “cidade marabilhosa” de Río de Janeiro, onde lle transmitiron un forte legado cultural da comunidade de orixe, ao tempo que unha forte paixón pola terra e pola lingua de destino. O peso da familia camiñaba pola beira da memoria, mentres que o contexto cultural e vital pertencía ao campo dunha educación literaria, en primeiro termo brasileira pero logo, profundamente europea. Era, como tanta outra xente, unha mestizaxe de orixes galegas por transmisión cultural familiar e dunha forte identidade brasileira por formación.

Esta dobre identidade como filla de Galicia e de América reflíctese claramente en boa parte da obra nelidiana e, en particular, na súa novela *A República dos Sonhos*, onde, enlazando a “fonte” galego-europea coa atracción do “paraíso” brasileiro, modifica substancialmente a historia identitaria do Brasil contemporáneo e, ao propio tempo, a visión da diáspora galega. A imaxe que ofrece sobre a épica migratoria de orixe galega e, en xeral, europea é a propia dos que estaban urxidos, como seu avó Daniel Cuíñas, polo mandato imperativo de ter que triunfar. Un mandato que a familia da autora conxurou debidamente e que o seu avó, trasunto literario dun dos protagonistas do romance co nome de Madruga, non esquece dicirlle á súa neta, isto é, a Nélida, que “nada peor que un inmigrante fracassado”. Pero a novidade daquel romance é orixinal porque rompe cos estereotipos forxados sobre o inmigrante no lugar de destino e tamén cos lamentos vitimistas que imperaban na terra de partida sobre a condición dos que emigraban.

Por outra banda, *A República dos Sonhos* reformula as posicións sostidas polos “grandes intérpretes” da identidade brasileira dos anos trinta do século pasado, con Gilberto Freyre en primeiro plano. Segundo eles, na configuración do Brasil predominaron as bases raciais e o peso da cultura e das tradicións autóctonas. Era un mundo patriarcal ao modo do descrito por Freyre en *Casa grande e senzala* (1930), de facendeiros sacarócratas e de escravos de orixe africana. A novela de Nélida Piñon esfórzase en construír un relato diferente, aquel que ten que ver co

“tópico do inmigrante” como figura arquetípica. Por esta razón, aquel romance é un canto á dimensión europea do Brasil contemporáneo que, na ficción literaria, é a resposta debida a un encargo familiar do avó Cuíñas (Madruga) á neta Breta (Nélida) para que contase a historia da familia e, a través dela, a vida dun vello país europeo, relixioso e algo heterodoxo, de raza celta e entregado ao trato informal con santos e namorados, amante da comida e da convivencia comunitaria e de xente sempre temerosa da morte

Aínda que algo tarde, a súa obra tivo tamén unha notable repercusión entre nós, primeiro a través das súas periódicas visitas a Galicia e, de modo máis eficaz, grazas aos contactos establecidos en eventos internacionais con escritores galegos. Noticias dela ofréceas Basilio Losada cando lle fala ao seu amigo Ramón Piñeiro (cartas de 1975 e 1976) “dunha rapaza extraordinaria, filla de galegos” que viaxa con frecuencia a Galicia e que cualifica como “unha especie de García Márquez, dinamiteira do idioma”. Anos máis tarde, unha versión galega do seu conto “Finisterre” saíu traducida na revista de poesía *Dorna* (núm. 16), así como unha longa entrevista realizada en Toronto por Luís G. Tosar durante a realización dun congreso do Pen Clube, publicada na revista *Grial*. Logo chegou a tradución dalgúns dos seus libros maiores á lingua galega (*A República dos Sonhos*, *A casa da paixón*, ambos na editorial Galaxia, 2004 e 2006) así como a edición na lingua orixinal doutra das súas obras importantes (*Vozes do deserto*, Candeia, 2006). Alén diso, a súa obra está a ser estudada nas universidades galegas, onde lle foi dedicada a tese de doutoramento da súa principal estudosa entre nós, a profesora Carme Villarino.

Alén de ser elixida académica de honra pola Real Academia Galega, fora investida anos antes doutora *honoris causa* pola Universidade de Santiago e, nos últimos anos de vida, amiudaron as súas viaxes a Galicia, nomeadamente a Cotobade e a Compostela, que foron substituíndo a súa querenza por Barcelona e outras capitais europeas. Tamén decidiu pasar longas tempadas en Lisboa, onde escribiu artigos e romances. Que entre Compostela e Lisboa se sentía máis cómoda e acolllida foi confirmado pola súa derradeira viaxe que, na autorizada opinión de José Carlos de Vasconcelos, director do *Jornal de Letras*, se pode entender como unha forma de se “despedir dos amigos”. Foi unha das mensaxes que nos deixou esta muller escritora e cosmopolita que nunca negou as súas orixes galegas nin deixou de cultivar o imaxinario celta como un dos mitos máis ricos de Europa. Sen formar parte do sistema literario galego, será parte importante da súa cultura.